



XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial
da Consellería do Medio Rural

Servizo de Infraestruturas Agrarias
Edificio Administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2, 6º andar
15071 A Coruña



ESTUDIO PREVIO DE INICIACIÓN DA ZONA DE REESTRUCTURACIÓN PARCELARIA DE SAN XULIÁN DE POULO (ORDES – A CORUÑA)



Francisco Paz Feijóo
Ana Arizón Fanlo
Servicio de Infraestruturas Agrarias de A Coruña
Marzo 2021



Xacobeo 2021





ESTUDIO PREVIO DE INICIACIÓN DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE SAN XULIÁN DE POULO (ORDES – A CORUÑA)

ÍNDICE

DOCUMENTO Nº 1.- MEMORIA:

	Pág.
1. OBXECTO DO ESTUDO.....	7
1.1. NATUREZA DA TRANSFORMACIÓN	7
1.2. LOCALIZACIÓN	8
1.3.- DIRECTRICES DO ESTUDO	10
2.- ESTUDO DE CARACTERIZACIÓN	11
2.1. ESTRUCTURA DA PROPIEDAD	11
2.2. USOS DO SOLO	12
2.3. DESCRICIÓN DAS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS	13
2.4. DESCRIPCIÓN DE ÁREAS DE ALTO VALOR	16
2.4.1. Áreas de alto valor ambiental	16
2.4.2. Bens de interese cultural, histórico ou artístico	16
2.5. DINAMISMO DO TERRITORIO E POBOACIÓN.....	18





2.5.1. Investimento realizado.....	18
2.5.2. Experiencias previas de reestruturación parcelaria.....	18
2.6. POSIBILIDADE DE MITIGAR OS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO.....	19
3.- SITUACIÓN TRANSFORMADA	21
3.1. ESTRUCTURA DA PROPIEDAD TRAS O PROCESO	21
3.2. UNIDADES MÍNIMAS DE EXPLOTACIÓN	22
4.- CONSULTAS A ACTORES RELEVANTES	22
4.1. CONSULTAS DENDE A DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.....	23
4.2. CONSULTAS DENDE O SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS.....	23
4.3 COMITE TÉCNICO ASESOR.....	27
5.- GRADO DE ACEPTACIÓN SOCIAL	27
6.- AVALIACIÓN ECONÓMICA E FINANCEIRA DAS INVERSIÓNS	28
6.1. VIDA UTIL DO PROXECTO	29
6.2. CUSTOS DO PROXECTO	30
6.2.1.-Custos de inversión	30
6.2.2.-Custos ordinarios	32
6.2.3.-Custos extraordinarios	34
6.2.4.-Resume de custos do proxecto	35
6.3.-BENEFICIOS DO PROXECTO	36
6.3.1.-Beneficios ordinarios	36
6.3.2.-Beneficios extraordinarios	37





6.3.3.-Resume de beneficios do proxecto	37
6.4.-CUSTOS E BENEFICIOS DA SITUACIÓN SEN PROXECTO	38
6.4.1.-Custos da situación sen proxecto	38
6.4.2.-Beneficios da situación sen proxecto	39
6.5.-CUSTOS, BENEFICIOS INCREMENTAIS, FLUXOS INCREMENTAIS NETOS	40
6.6.- INDICADORES DE AVALIACIÓN	42
6.7.- ANÁLISE DE SENSIBILIDADE DO PROXECTO	42
6.7.1. Mantemento do uso do solo agrícola nas mesmas condicións que na actualidade.....	42
6.7.2. Incremento do uso do solo agrícola nun 25 % respecto á actualidade	44
7.- CONCLUSIÓNS DO ESTUDIO	46





ANEXOS Á MEMORIA

1. Documento de síntese e informe de impacto ambiental
2. Características da rede viaria proposta a nivel de anteproxecto
3. Firmas dos propietarios de explotacións con actividade agraria na zona
4. Consultas a órganos relevantes

DOCUMENTO Nº 2.- PLANOS:

1. Situación
2. Localización
3. Parcelario catastral sobre ortofotografía
4. Usos do solo
5. Elementos patrimoniais
6. Estimación da rede viaria necesaria





XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial
da Consellería do Medio Rural

Servizo de Infraestruturas Agrarias
Edificio Administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2, 6º andar
15071 A Coruña



DOCUMENTO Nº 1.- MEMORIA





ESTUDIO PREVIO DE INICIACIÓN DA ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE SAN XULIÁN DE POULO (ORDES – A CORUÑA)

MEMORIA

1. OBXECTO DO ESTUDO

1.1. NATUREZA DA TRANSFORMACIÓN

A reestruturación parcelaria, por medio da reordenación da propiedade, pretende promover a constitución e mantemento de explotacións de dimensións suficientes e características axeitadas, reunindo nun mesmo lugar os dereitos de varias fincas rústicas para mellorar a súa utilidade.

A normativa vixente de aplicación para este tipo de procesos é a *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia*, tendo como obxectivo principal *mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias, de acordo con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus aproveitamentos, calquera que sexan estes, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no medio rural para facer rendible a actividade produtiva* (art. 2.1.a).

Asemade, para os predios que non formen parte de explotacións agrarias, pretendese *establecer medidas de agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización para uso agrario, entendendo como tal a loita contra o abandono, a formación de novas explotacións ou incorporación ás xa existentes*. (art. 2.1.b)

Ademais de reordenar a propiedade, establécese unha rede viaria para dar acceso aos predios de substitución, así como outras obras e melloras no territorio de actuación. Ao final do proceso, procédese á inmatriculación rexistral da propiedade concentrada.





1.2. LOCALIZACIÓN

A zona a reestruturar está comprendida dentro do concello de Ordes.

O termo municipal de Ordes atopa a súa localización xeográfica na latitude 43° 4' norte e lonxitude 8° 24' oeste, situándose no Eixo Atlántico, nunha posición central en relación á provincia á que pertence, A Coruña. Linda ao norte con Cerceda e Carral, ao leste con Mesía, Abegondo e Frades, ao sur con Oroso, e ao oeste con Tordoia.

O concello de Ordes atópase na comarca do mesmo nome, da que é cabeceira comarcal e do partido xudicial, e forma parte da "Mancomunidade de municipios de Ordes" na que se inclúen ademais os municipios de Cerceda, Frades, Mesía, Oroso, Tordoia e Trazo. A súa superficie é de 157,2 km², o que dista abondo da media de Galicia, que se sitúa en torno aos 94 km², e ten unha poboación de 12.669 habitantes, 6.183 homes e 6.486 mulleres (datos do Padrón Continuo por Unidade Poboacional a 1 de xaneiro de 2016, INE), agrupados en trece parroquias, con 225 entidades de poboación en total, das cales dúas, Mesón do Vento e Ordes, son urbanas. A densidade de poboación que se obtén é de 80,6 hab/km². O seu elevado número de entidades, unido á baixa densidade de poboación, dan como resultado unha paisaxe rural constituída por pequenas aldeas repartidas homoxeneamente sobre o territorio.

As parroquias que conforman o concello e a súa poboación son: Ardemil (San Pedro) (998), Barbeiros (Santa María) (233), Beán (Santa María) (274), Buscás (San Paio) (512), Leira (Santa María) (638), Lesta (Santo André) (218), Mercurín (San Clemente) (263), Montaos (Santa Cruz) (825), Ordes (Santa María) (7.446), Parada (Santa Mariña) (305), Pereira (Santaia) (311), Poulo (San Xulián) (323) e Vilamaior (Santiago) (323).

A capital do municipio sitúase en *Ordes*, que dista 24 km de Santiago e 36 km da capital da provincia e constitúe a maior entidade de poboación, con 5.996 veciños. Preséntase como a segunda parroquia máis grande, con 18,62 km² por detrás de Ardemil (20,48 km²), a máis grande, chegando a duplicar e mesmo a triplicar o resto de parroquias. Localízase na zona centro do concello, atopándose polo tanto lindando con parroquias do mesmo municipio. Así o fai ao norte con Mercurín e Leira, ao nordés con Buscás, ao leste con Poulo, ao sur con Pereira e Montaos, ao oeste con Parada e ao noroeste con Lesta.


A parroquia de **San Xulián de Poulo** presenta as seguintes características:


- Localízase ao sueste do concello e é considerada, ao igual que Ordes, como parroquia interna, xa que non linda con ningún municipio. Así linda ao norte con Buscás, ao nordés con Vilamaior, ao leste con Barbeiros, ao sur con Pereira e ao oeste con Ordes.
- Ten unha superficie de 9,66 km² e atoparíase dentro do grupo de parroquias que non chega á media municipal, que se localiza en torno aos 12 km². Ao longo desta repártense 9 núcleos, que non o fan de forma homoxénea, senón que existe unha tendencia á metade oeste, quedando o leste máis despoboado.





- Conta cunha poboación de 323 habitantes repartidos nas seguintes aldeas: Blanca (7), A Calle (159), A Costa (31), Lavandeira de Baixo (53), Lavandeira de Riba (12), O Outeiro (19), As Pardiñas (12), O Piñeiro (9) e A Senra (21).
- A superficie inicial de actuación é de 744,46 ha.
- A zona a estudo corresponde na súa maior parte ás parcelas da parroquia de San Xulián de Poulo. Está delimitada na zona norte polas concentracións parcelarias de San Paio de Buscás e de Buscás ademais de polo Río das Penedas. Na zona este algunhas parcelas pertencen á parroquia de Barbeiros e limitan tamén coa concentración parcelaria de Vilarmaior- Barbeiros. No sur da zona temos as parcelas que se corresponden co límite da nosa parroquia, (quedando próxima a concentración parcelaria de Beán e Pereira). O límite oeste da zona de reestruturación parcelaria queda definido polo Río Cabrón.





Comprende os núcleos de: As Pardiñas, A Costa, O Outeiro, Lavandeira de Baixo, Lavandeira de Riba, Blanca, A Senra, A Calle e o Piñeiro; e os lugares de: As Agras, A Canteira, Urraca, Os Castros, O Montinho, Fontevella, As Lamelas, Canteira de Morazos, O Costón e parte do Prado Grande e da Agra de Vello.

1.3.- DIRECTRICES DO ESTUDO

A Lei 4/2015 do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia establece no seu artigo nº 9 a necesidade de elaboración do estudo previo de iniciación, unha vez superado favorablemente o proceso de avaliación, correspondéndolle o servizo provincial a elaboración do mesmo, logo do mandato da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

A zona de San Xulián de Poulo conta cos seguintes traballos realizados por esta Administración e que deberán terse en conta na elaboración do presente estudo:

- Estudo de Impacto Ambiental redactado no ano 2017.
- Informe de Impacto Ambiental: ANUNCIO de 30 de novembro de 2020, de la Dirección General de Calidad Ambiental, Sostenibilidad y Cambio Climático, por el que se hace público el informe de impacto ambiental del proyecto de la zona de reestructuración parcelaria de Poulo, en el ayuntamiento de Ordes (A Coruña) publicada no Diario Oficial de Galicia o día 21 de decembro de 2020.





facendo unha proposta aproximada de exclusión que haberá que concretar na fase administrativa de **bases**.

Segundo os datos obtidos tras efectuar unha consulta catastral do perímetro da zona de reestruturación, concluímos que temos arredor de 1760 parcelas catastrais que pertencen a 580 propietarios catastrais. Estas fincas suman un total de 685 hectáreas, ao descontar a superficie ocupada polas vías de comunicación. A media da parcela antes de concentrar e de 0,38 hectáreas, sendo a media de parcelas por propietario de 3,03 parcelas.

2.2. USOS DO SOLO

Do estudo de campo con apoio de ortofotografía realizado dedúcese os datos que se poden ver nas **táboas 1 e 2**.

Táboa 1. Uso actual do solo na zona a concentrar da parroquia de San Xulián de Poulo

	Superficie (ha)	%
Agrícola-gandeiro	318,49	42,78
Masas de frondosas	33,47	4,50
Masa forestal	358,78	48,19
Ríos e vexetación de ribeira	12,62	1,69
Viario	21,10	2,83
TOTAL	744,46	

Táboa 2. Uso actual da superficie agrícola-gandeira na zona a concentrar da parroquia de San Xulián de Poulo

Uso do solo	Superficie (ha)	%
Pradeiras	301	94,5
Millo	6	1,9
Outros	11,49	3,6
TOTAL	318,49	100,0





Táboa 3. Explotacións existentes na parroquia de San Xulián de Poulo

CODIGO EXPLOTACION	ORIENTACIÓN	TOTAL UGMS
G1505900500	Bóvidos	13.52
G1505900518	Bóvidos	28.00
G1505900529	Bóvidos	3.00
G1505900539	Bóvidos	2.00
G1505900542	Bóvidos	1.00
G1505900560	Bóvidos	24.40
G1505900589	Bóvidos	0
G1505900590	Bóvidos	0
G1505900632	Bóvidos	0
G1505900683	Bóvidos	3.96
G1505900686	Bóvidos	0
G1505900713	Bóvidos	0
G1505900733	Bóvidos	0
G1505900791	Bóvidos	2.40
G1505900851	Bóvidos	31.20
G1505900856	Bóvidos	79.40
G1505900869	Bóvidos	92.00
G1505900879	Bóvidos	204.80
G1505901093	Bóvidos	0
G1505901129	Bóvidos	0.12
G1505901418	Bóvidos	0.40
G1505901739	Bóvidos	0





CODIGO EXPLOTACION	ORIENTACIÓN	TOTAL UGMS
G1505901797	Bóvidos	0
G1505901877	Bóvidos	0
G1505901917	Bóvidos	0
G1505901950	Bóvidos	0
G1505902031	Bóvidos	0
G1505902310	Bóvidos	26.00
G1505902311	Bóvidos	5.00
G1505902313	Bóvidos	25.00
G1505902338	Bóvidos	0
G1505901527	Équidos	0
G1505901679	Équidos	3.00
G1505902307	Équidos	0
G1505900418	Ovino	0.30
G1505901089	Porcos	0.36
G1505901422	Porcos	0





2.4. DESCRICIÓN DE ÁREAS DE ALTO VALOR

2.4.1. Áreas de alto valor ambiental

Na zona de estudo non existen espazos naturais protexidos. Sen embargo, no estudo de impacto ambiental da zona enuméranse as áreas de maior valor ecolóxico, que se corresponden coas carballeiras galaicoportuguesas, bosques aluviais e prado con molinias.

Como xa se indicou no epígrafe 2.1, como consecuencia da tramitación ambiental e atendendo aos informes e consideracións da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, no estudo de impacto da zona de reestruturación propónse a exclusión do proceso dunha parte importante da parroquia. Esta proposta é aproximada e terá que ser concretada na fase administrativa de bases.

Ademais de estas zonas que se propoñen para a súa exclusión, hai na zona outras áreas de interese ecolóxico (arboredo de vexetación autóctona, fundamentalmente carballeiras de *Quercus robur*) que deberán ser protexidas ó longo do proceso nos termos establecidos no estudo de impacto ambiental e no informe de impacto ambiental.

2.4.2. Bens de interese cultural, histórico ou artístico

Dentro do documento ambiental, realizouse unha prospección arqueolóxica intensiva da zona de estudo que permite determinar a presenza de calquera tipo de depósito ou vestixio arqueolóxico na zona afectada polo proceso reestruturador.

A prospección na que se efectuou unha análise de maior intensidade correspóndese coas áreas nas que se localizan os xacementos arqueolóxicos que figuran no Inventario Xeral de Patrimonio Cultural, e o seu entorno máis inmediato; nas inmediacións dos edificios arquitectónicos; nas áreas topográficas que polas súas características, considéranse axeitadas para a súa ocupación; naqueles sectores que a microtoponimia documentada a través de información oral sublimaba como de alto potencial arqueolóxico.

Táboa 4. Listado de elementos arqueolóxicos, arquitectónicos e etnográficos da parroquia de San Xulián de Poulo

ELEMENTOS ARQUEOLÓXICOS		
Código Xunta	Tipoloxía	Nome do elemento
GA15059079	Castro	Castro de Outeiro
GA15059043	Castro	Castro de Poulo
GA15059038	Castro	O Castro / A Croa





ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS		
Código Inventario	Tipoloxía	Nome do elemento
CT01	Arquitectura tradicional	Casa Reitoral de Poulo
CT02	Arquitectura tradicional	Casa rural de Antón Beiras
CT03	Arquitectura tradicional	Pousada de Felipe II
CT04	Arquitectura tradicional	Vivenda con relevos
CT05	Arquitectura tradicional	Conxunto de vivendas en A Calle
CT06	Arquitectura tradicional	Rueiro en Outeiro
CT07	Arquitectura tradicional	Vivenda de Blanca
CT08	Arquitectura tradicional	Vivenda de Senra I
CT09	Arquitectura tradicional	Vivenda de Senra II
CT010	Arquitectura tradicional	Casa en A Calle
CT011	Arquitectura tradicional	Casa da Taberna
	Arquitectura relixiosa	Igrexa de San Xulián de Poulo
	Arquitectura relixiosa	Capela de Nosa Sra das Mercedes

ELEMENTOS ETNOGRÁFICOS		
Código Inventario	Tipoloxía	Nome do elemento
CR01	Etnografía. Cruceiro	Cruceiro de A Calle
CR02	Etnografía. Cruceiro	Cruceiro de San Xulián
F01	Etnografía. Fonte e Lavadoiro	Fonte e lavadoiro de A Calle
F02	Etnografía. Lavadoiro	Lavadoiro de Labandeira 1
F03	Etnografía. Lavadoiro	Lavadoiro de Labandeira 2
MU01	Etnografía. Muíño	Muíño 1 de Pereira
MU02	Etnografía. Muíño	Muíño 2 de Pereira
MU03	Etnografía. Muíño	Muíño 3 de Pereira
MU04	Etnografía. Muíño	Muíño 4 do Cubo (Trabes)
MU05	Etnografía. Muíño	Muíño 5 do Cubo (Barbeiros)
REF1	Etnografía. Muíño	Muíño de As Pardiñas
CT012	Etnografía. Hórreo	Hórreo de As Pardiñas





2.5. DINAMISMO DO TERRITORIO E POBOACIÓN

2.5.1 Investimentos realizados

Segundo os datos facilitados polo Servizo de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural en Lugo, na parroquia de San Xulián de Poulo hai 37 explotacións en total de todas as aptitudes produtivas, das cales 31 adócese á gandeiría de vacún como vocación principal coas UGM que se relacionaron no epígrafe 2.3.

Das explotacións gandeiras existentes en Poulo, 2 acolléronse a algún **Plan de Mellora da Consellería do Medio Rural** nos últimos 5 anos, tramitándose 4 expedientes en total:

CEA	DATA SOLICITUDE	INVESTIMENTO	AXUDA APROBADA
1505900203	2016	27,925.62	13,962.81
1505900601	2016	221,355.00	132,813.00
1505900203	2017	78,808.00	39,404.00
1505900203	2019	170,040.00	59,514.00

En cómputo total, tramitáronse 22 expedientes no conxunto do Concello de Ordes.

No tocante ás **Incorporacións de Agricultores Mozos á actividade agraria**, no Concello de Ordes tramitáronse 19 expedientes nos últimos 5 anos, dos cales 1 foi na parroquia de Poulo.

CEA	DATA SOLICITUDE	INVESTIMENTO	AXUDA
ES1505900601	2016	61.700	56.500

2.5.2 Experiencias previas de reestruturación parcelaria

No Concello Ordes levaronse a cabo varios procesos de reestructuración parcelaria, dos cales 9 corresponden a zonas xa rematadas e 5 correspondense con zonas vivas

ZONAS VIVAS	CÓDIGO	SUPERFICIE (ha)	PROPIETARIOS
Barbeiros II – Vilamaior II	150594380	1277	626
Buscás II (San Paio)	150594400	928	659
Lesta II - Mercurín	150594290	1329	653
Montaos II (Santa Cruz)	150594280	567	617
Parada II (Santa Marina)	150594300	935	594





ZONAS REMATADAS	CÓDIGO	SUPERFICIE (Ha)	Propietarios
Ardemil (San Pedro)	150594450	2037	1198
Barbeiros - Vilamaior	150591450	609	424
Beán (Santa María)	150593150	91	109
Beán – Pereira II	150594270	1337	827
Buscás (San Paio)	150591140	421	419
Leira (Santa María)	150594370	1469	908
Lesta (San Andrés)	150590990	796	260
Montaos (Santa Cruz)	150593100	332	373
Parada (Santa Marina)	150592860	233	203

2.6. POSIBILIDADE DE MITIGAR OS EFECTOS DO CAMBIO CLIMÁTICO

Na exposición de motivos da *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia*, recóllese que o espazo rural enténdese como un conxunto de actividades relacionadas e equilibradas, no que as funcións produtivas deben convivir en harmonía coas de defensa do contorno, da paisaxe e do patrimonio cara a un obxectivo único: a mellora de calidade de vida da poboación no seu medio e, como corolarios, a loita contra o abandono, a mitigación dos efectos do cambio climático, a alimentación sa e de calidade, a fixación da poboación no territorio rural e a mellora dos servizos postos á súa disposición.

“A mitigación dos efectos do cambio climático e a protección do entorno e o medio ambiente, que se concreta en figuras como a execución específica de procesos de reestruturación por causas medioambientais, a introdución de criterios de conservación da rede actual de camiños e a reserva de terreos para actuacións relativas a aplicación de medidas de corrección de impactos ambientais”.

As Administracións Públicas *“desenvolverán accións destinadas a superar a elevada fragmentación da propiedade, a reducir e reverter o abandono das terras, a mellorar as condicións de desenvolvemento sustentable de actividades agrícolas, gandeiras e forestais e á mitigación e adaptación aos riscos ambientais, en especial aos incendios forestais, e tamén aquelas tendentes á mellora e protección ambiental e paisaxística”*





No relativo ás políticas preventivas contra os incendios forestais, os procesos de reestruturación pretenden *“a mobilización das terras agrarias en manifesto estado de abandono mediante a declaración como perímetros abandonados dun conxunto de fincas con vocación agraria, cando puideran supoñer risco de incendios forestais ou sexan obxecto de incendios, co conseguinte perigo para as áreas habitadas próximas as zonas queimadas, ou cando existise demanda de terra por parte de explotacións agrarias xa existentes nesas zonas ou para novas iniciativas de explotacións agrarias”*.

Entre os obxectivos xerais que se enuncian no artigo nº 2 da citada Lei, unha boa parte fan alusión a sustentabilidade e a loita contra o abandono e o cambio climático, pero o proceso reestruturados tamén conleva efectos ambientais, xa que obriga a impedir o estado de abandono das fincas atribuídas e a respectar os seus valores ambientais, entre outras cuestións, mediante a cesión a terceiros ou incorporándoas ó Banco de Terras durante 10 anos si non se pode garantir dito coidado. Artículase un sistema de mobilización de terras agrarias de carácter obrigatorio para quen non poda facer fronte ás súas obrigas de coidado como propietario, ben pola vía privada –cesións a terceiros–, ben pola incorporación o mecanismo público do Banco de Terras.

En síntese, podemos dicir que:

1. A mellora da rede viaria como consecuencia dun proceso de reestruturación parcelaria redonda nunha redución dos tempos de transporte, especialmente importante en determinadas tarefas relacionadas coa xestión dunha explotación como poden ser os ensilados, abonados, etc., que supoñen un elevado número de viaxes entre a explotación e as fincas dos propietarios, diminuindo en consecuencia os consumos de combustible.
2. Como consecuencia de mellorar a configuración das fincas en termos de dimensións e regularidade, tamén se reducen os tempos de traballo, aumentando os rendementos e diminuindo os consumos de combustible.
3. Unha axeitada ordenación dos usos, así como a posta en produción de terreos en estado de abandono, reduce o risco de incendios forestais así como a mobilización de terras para o seu uso agrícola. Como consecuencia, as explotacións deficitarias en terras poden aumentar a súa base territorial, mantendo os limiares de carga gandeira en condicións óptimas para desenvolver as súas actividades, dispoñendo de maior superficie para xestionar os subprodutos da explotación e posibilitando futuras ampliacións ou implantacións de novas actividades.





3.- SITUACIÓN TRANSFORMADA

3.1. ESTRUCTURA DA PROPIEDAD TRAS O PROCESO

Como se indicou no **Epígrafe 2.1**, segundo os datos obtidos tras efectuar unha consulta catastral do perímetro da zona de reestructuración, concluímos que temos arredor de 1760 parcelas catastrais que pertencen a 580 propietarios catastrais. Estas fincas suman un total de 685 hectáreas, ao descontar a superficie ocupada polas vías de comunicación.

A superficie media da parcela antes de concentrar e de 0,38 hectáreas, sendo a media de parcelas por propietario de 3,03 parcelas.

Táboa 5. Valores estimados da estrutura da propiedade tras o proceso de reestructuración e índices do proceso.

PARÁMETRO	VALOR
Superficie aportada	746 Ha
Superficie a distribuír	678 Ha
Número de parcelas	1760
Número de predios de substitución	670
Número de propietarios	580
Número de propietarios con parcela única	45
Superficie media por parcela	0,38 Ha
Superficie media por predio de substitución	1 Ha
Parcelas/propietario	3,03
Predios de substitución/propietario	1,15
Coefficiente de reestructuración	2,76





3.2. UNIDADES MÍNIMAS DE EXPLOTACIÓN

Referímonos aquí ó tamaño mínimo que deberían ter os predios de substitución para poder ser explotadas dun xeito razoable tras o proceso de reestruturación.

O tamaño medio do predio de substitución é de 1 ha, valor que aínda non sendo moi elevado permite unha correcta mecanización e uso da propiedade.

En canto ó tamaño das explotacións, este non pode ser modificado directamente polo proceso de reestruturación, pero si pode sen embargo mellorar a base territorial de estas, poñendo á súa disposición (vía arrendamentos ou mesmo a compra) fincas que antes non eran atractivas para a súa explotación.

4.- RELACIÓN DE ACTORES RELEVANTES

Coa finalidade de determinar a viabilidade e idoneidade da reestruturación na zona e como paso previo á declaración oficial do proceso mediante decreto, este Servizo iniciou os trámites de recompilación de información sobre as principais afeccións, actuacións ou proxectos que podan condicionar o desenvolvemento do proceso, para dar cumprimento ao establecido no artigo 9.2 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que establece:

"O servizo provincial solicitará ao concello ou concellos afectados e ao comité técnico asesor definido no artigo 14, así como a calquera outro organismo ou entidade que xulgue conveniente, informes non vinculantes co fin de coñecer o seu criterio respecto das posibles actuacións na zona."

Segundo o artigo 9.3 da citada lei ditos organismos e entidades disporán dun prazo de 3 meses para remitir dita información.





4.1. CONSULTAS DENDE A DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL

No senso de dar cumprimento a este mandato, dende A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural consultouse con data 03/02/2021 os seguintes organismos, dos que a data 05/03/2021 contestaran os seguintes:

ORGANISMO	RECIBIDO	NON RECIBIDO
Axencia Galega de Infraestruturas	X	
Demarcación de Estradas do Estado en Galicia		X
Deputación Provincial da Coruña		X
Xerencia Territorial do Catastro	X	
Notarías de Ordes (2)		X
Rexistro da Propiedade de Ordes		X

A **Axencia Galega de Infraestruturas** informou que no ámbito do proxecto de reestruturación parcelaria atópase a seguinte estrada da RAEGA:

AC-524 PB Ordes Sur (N-550) – Lanzá (N-634)

No dito ámbito non hai actuacións en execución nin planificadas por parte desta Axencia Galega de Infraestruturas. **(Ver anexo IV)**

A **Xerencia Territorial do Catastro** informa de que desde Catastro non se están levando a cabo actuacións ou proxectos que poidan condicionar o desenvolvemento do citado proceso.

4.2. CONSULTAS DENDE O SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

Por outra parte dende O Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Coruña foron consultados con data 04/02/2021 os seguintes Departamentos da Administración Autónoma e Local, dos que a data 05/03/2021 contestaran os seguintes:

ORGANISMO	RECIBIDO	NON RECIBIDO
Concello de Ordes	X	
Augas de Galicia		X
Banco de Terras		X
Servizo de Explotacións Agrarias	X	
Servizo de Arqueoloxía		X
Servizo de Montes	X	
Servizo de Patrimonio Natural	X	
Servizo de Urbanismo	X	






O **Concello de Ordes** informou das seguintes actuacións que se teñen previsto realizar polo Concello dentro da parroquia de Poulo:

- Senda peonil para a seguridade vial na DP-5909 no acceso a Poulo (dende a DP-3802 ata o Lg. A Calle)
- Humanización na DP-5909 no Lg. A Calle.
- PMC2021-2022: Mellora da Capa de Rodaxe da Pista de Blanca A Outeiro (Poulo)
- Proxecto da variante da Estrada da N-550 en Ordes, promovido polo Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana. En principio non se prevé que dita variante poida afectar a parroquia de Poulo.





- Previsión de zona empresarial na parroquia de Poulo. Na actualidade atópase en tramitación o PXOM do Concello de Ordes, que prevé unha superficie industrial na parroquia de Poulo que se diminúe dende 1.461.208 m² aprobados inicialmente, ata os 459.783 m². Non obstante a previsión e de ampliar nun futuro a zona ata os 1.461.208 m² aprobados inicialmente a través do Plan de Áreas Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.



Pola súa parte, o **Servizo de Montes de A Coruña** informou que segundo os datos a zona de actuación non afecta a ningún monte de xestión pública, catalogado nin clasificado como monte veciñal en man común.

Segundo informe solicitado ao DISTRITO FORESTAL III, indica a existencia dunha formación arbórea integrada por frondosas autóctonas (maiormente *Quercus robur* ou carballo), de idade madura, situada ao noreste da aldea de Pardiñas, que se estende por unha superficie dunhas 13 ou 14 has.

O distrito forestal refire tamén no seu informe a presenza de diversas formacións de frondosas situadas nas marxes do Camiño de Santiago Inglés ao seu paso pola parroquia de Poulo. **(ver informe completo anexo IV)**





A **Dirección Xeral de Patrimonio cultural** informa de que nos informes solicitados ao Servizo de Arqueoloxía e ao Servizo de Arquitectura inclúese o seguinte análise e consideracións técnicas:

Os bens culturais que constan neste ámbito son os mesmos que se consideraron no informe do procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificado.

Polo tanto ratifícanse no informe emitido polo Dirección Xeral de Patrimonio cultural o día 05/12/2018 en relación coa tramitación ambiental do proxecto. **(ver anexo IV)**

O **Servizo de Urbanismo da Coruña** informa que na Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo constan á data actual os seguintes expedientes relativos á tramitación de instrumentos de planeamento urbanístico, pendentes de resolución, que afectan á área obxecto de reestruturación parcelaria: **(ver anexo IV)**

- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Ordes, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o 16/03/2016 (DOG nº 60 do 30/03/2016). Non constan actuacións posteriores á aprobación inicial municipal, polo que non hai pronunciamento algún desta dirección xeral en relación coa súa aprobación definitiva. (Expediente PTU AC 12 006)

- Modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Ordes para aumentar a dotación de solo industrial, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación o 24/02/2010 (DOG nº 43, de 4/03/2010). Non constan actuacións posteriores á aprobación inicial municipal, polo que non hai pronunciamento algún desta dirección xeral en relación coa súa aprobación definitiva (Expediente PTU AC 09 006).

O **Servizo de Explotacións Agrarias de A Coruña** informa dos datos das explotacións existentes na parroquia de San Xulián de Poulo segundo a súa orientación productiva, co seu correspondente CEA e co número de animais que compreden. Ademais informa das axudas de incorporación de mozos e dos plans de mellora aos que se acollaron as explotacións da parroquia de Poulo nos últimos 5 anos **(ver anexo IV)**





4.3. COMITÉ TÉCNICO ASESOR

O Comité Técnico Asesor de Reestruturación Parcelaria ven regulado no Decreto 19/2017, do 16 de febreiro, polo que se regula a forma de designación e o réxime xurídico dos comités técnicos asesores, ten nomeados representantes permanentes en materia de desenvolvemento rural, xestión do Banco de Terras de Galicia, produción agropecuaria, montes, conservación da natureza, xestión de augas, urbanismo, patrimonio cultural, organizacións profesionais agrarias e administración local.

Por este motivo, na xuntanza do Comité que tivo lugar con data 19 de febreiro de 2021 os representantes dos ditos departamentos tiveron ocasión de intervir e actualizar o que estimaron por conveniente en relación coas súas competencias, coa finalidade de que se recolla no informe e se teña en conta durante o proceso de reorganización da propiedade.

Como resultado das consultas efectuadas, non se prevé a interferencia do proceso de reestruturación parcelaria de San Xulián de Poulo con outros proxectos relevantes de índole pública ou privada. En todo caso, calquera actuación neste procedemento gozará da publicidade e difusión legalmente establecida no texto normativo que o regula (Lei 4/2015, do 17 de xuño) o que xunto co feito de que as actuacións físicas sobre o terreo (obras e actuacións inherentes) teñen que ser autorizadas polos órganos sectoriais competentes, asegura unha necesaria coordinación de todos os procesos que podan confluír no tempo.

O criterio de Comité é **favorable**, coa unanimidade dos presentes, á iniciación do procedemento de reestruturación parcelaria regulado no Título II da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia na zona da parroquia de Poulo, concello de Ordes

5.- GRADO DE ACEPTACIÓN SOCIAL

Con data 30 de decembro de 2015 foi remitida desde o Concello de Ordes á Consellería de Medio Rural a solicitude de inicio do proceso de reestruturación parcelaria de carácter público para a parroquia de Poulo.

Con data 27 de outubro de 2017, o Concello de Ordes remite á Consellería de Medio Rural, as sinaturas de 26 veciños que realizan actividades agrogandeiras na parroquia de Poulo co seu correspondente código de explotación. Neste escrito expresan o seu interese pola realización da reestruturación parcelaria de carácter público na parroquia de Poulo en orden ao interese social e económico que suporía a citada actuación na parroquia.

No **anexo II** incorporanse as firmas dos propietarios agrogandeiros na parroquia de Poulo.





6.- AVALIACIÓN ECONÓMICA E FINANCEIRA DAS INVERSIÓNS

Da avaliación económica exclúese a vexetación arbórea autóctona que segundo o estudio de impacto debe manterse dentro do posible na situación actual.

Táboa 6. *Terreos incluídos na avaliación económica da parroquia de San Xulián de Poulo. Situación antes do proceso de concentración*

Uso do solo	Superficie (ha)
Pradeiras	301
Millo	6
Outros	11,49
Forestal (Eucaliptos)	358,7
Fronosas autóctonas	33,97

Tras o proceso de concentración estímase o seguinte uso do solo:

Táboa 7. *Terreos incluídos na avaliación económica da parroquia de San Xulián de Poulo. Situación prevista tras o proceso de concentración*

Uso do solo	Superficie (ha)
Pradeiras	320
Millo	20,7
Outros	11,49
Forestal	325
Fronosas autóctonas	33,97

O incremento da superficie de millo é unha consecuencia lóxica do aumento do tamaño das fincas, por tratarse dun cultivo no que na actualidade para a súa recolección se emprega maquinaria de gran tamaño, imposible de utilizar en parcelas pequenas ou con unha rede viaria deficiente.





En conxunto estímase un incremento da S.A.U. en 34 ha, este incremento viría en parte como consecuencia do plan de ordenación de predios de especial vocación agraria (POPEVA) que impediría a forestación de parcelas dispersas en zonas agrícolas como ocorre na actualidade.

Os rendementos estimados en materia seca (M.S.) das producións agrícolas antes e despois do proceso pódense ver na **Táboa 8**. A mellora dos rendementos por ha enténdese que son consecuencia da mellora dos procesos produtivos que acarrea o proceso de concentración parcelaria.

O análise económico restrínxese a estes dous cultivos, por considerar que os outros cultivos da zona, patacas, horta, etc, empréganse para autoconsumo e non son de prever variacións nestas superficies tras o proceso de reestruturación parcelaria.

Táboa 8. Producións de M.S. dos principais cultivos antes e despois do proceso de concentración

Cultivo	Antes do proceso de concentración M.S. (kg ha ⁻¹)	Despois do proceso de concentración M.S. (kg ha ⁻¹)
Pradeiras	11.000	12.000
Millo	14.000	15.000

M.S. : materia seca

No caso das producións forestais, case na súa totalidade de eucaliptos, se excluimos as parcelas pequenas forestadas en terras agrícolas, en xeral atópanse en masas de certa entidade, e non son de agardar melloras nos rendementos. No análise das inversións consideramos a plantación de piñeiros posto que é unha especie mais respetuosa co medio, e sería interesante que as plantacións de eucaliptos

6.1. VIDA ÚTIL DO PROXECTO.

Para a avaliación do proxecto considérase un período de 30 anos





6.2. CUSTOS DO PROXECTO.

6.2.1.-Custos de inversión.

Como custos de inversión considérase a execución da rede de camiños da zona e o acondicionamento de fincas, estando suxeita a súa execución ao establecido no artigo 61 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Tamén se considera a contratación dos servizos técnicos necesarios para a colaboración no resto do proceso de reestruturación.

No plano 7 faise unha proposta de rede viaria que pode servir para avaliar as inversións necesarias. O trazado dos camiños propostos comprende un total de 22.835 metros lineais. O trazado da rede viaria proposta supón o aproveitamento da traza existente xa na actualidade nunha lonxitude de 15.243 m; os 7.592 m restantes descorren por novo trazado.

Os custos de inversión estímanse en 36 € por metro lineal de camiño de nova apertura e 25 € por metro lineal no caso de aproveitar a traza existente na actualidade, o que supón unha inversión de 654.387 €. No **Anexo II** e no **Plano 7** pódense ver as características e a traza da rede proposta a nivel de anteprojecto.

Para a realización das entradas aos predios de substitución e os camiños secundarios estímanse uns custos de 800 € por ha, que para unha superficie agrícola en torno ás 340 ha supón unha inversión de 272.000 €.

A estimación dos custos dos servizos técnicos faise a partir de uns coeficientes promedio e dos datos catastrais das parcelas da zona.





Táboa 9. Custo dos servizos técnicos necesarios para levar a cabo o proceso de concentración

Fase	Avaliación de impacto	Levanta- miento	Bases	Acordo	Coloca- ción de marcos	Títulos
Superficie (S)	746	746	746	746		
Parcelas (P1)			1760	1760		
Propietarios (P2)			580	580		
Fincas					696	696
Valor do pun- to/ud.		55,50 €	75,91 €	75,91 €	21,15 €	4,74 €
Porcentaxe s/ total (K)			0,5	0,5		
Coefficiente baixa			1	1		
PUNTOS			465	465		
Nº marcos (2,3 por finca)					1600	
<i>Orzamento execución ma- terial (€)</i>	<i>10.476,00</i>	<i>41.403,00</i>	<i>35.298,15</i>	<i>35.298,15</i>	<i>33.840</i>	<i>3.299,04</i>
Gastos Xerais 13% (€)	1.361,88	5.382,39	4.588,76	4.588,76	4.399,20	428,88
Beneficio In- dustrial 6% (€)	628,56	2.484,19	2.117,89	2.117,89	2.030,40	197,94
SUMA (€)	12.466,44	49.269,57	42.004,80	42.004,80	40.269,60	3.925,86
IVE (€)	2.617,95	10.346,61	8.821,08	8.821,08	8.456,62	824,43
Orzamento execución por Contrata (€)	15.084,39	59.616,18	50.825,81	50.825,81	48.726,22	4.750,29

Para simplificar a análise económica considérase as inversións do xeito que se reflexa na **Táboa 10**.





Táboa 10. Distribución das inversións ó longo do proceso de concentración

Ano	Inversións	Custo (€)
Ano 0	Impacto ambiental + levantamento	74.700,77
Ano 1	Bases	50.825,81
Ano 2	Rede de camiños 1ª fase	654.387
Ano 3	Acordo	50.825,81
Ano 4	Colocación de marcos; entradas a predios de substitución e Rede de camiños 2ª fase	320.726,22
Ano 5	Títulos de propiedade	4.750,29

6.2.2.-Custos ordinarios.

Os custos anuais dos cultivos e producións forestais estímense a continuación, os custos da pradeira estímense considerando unha superficie do 20% en pastoreo e do 80% en sega, esta última con aproveitamento tanto en verde como para silo.

Para a superficie forestal vamos a considerar que das 325 hectáreas que obteríamos despois do proceso de reestructuración, o 80% se manteñen como eucalipto e un 20% válese plantar de piñeiro. Esta diversificación de especies permitiranos alcanzar unha máis adecuada ordenación dos terreos forestais da parroquia.





Táboa 11. Custos de produción por ha dos principais cultivos da zona, situación tras o proceso

	Millo	Pradeira
CONCEPTO	€ ha ⁻¹	€ ha ⁻¹
Man de obra	164	221
Amortización maquinas	136	272
Reparación maquinaria	93	169
Gasoil e aceite	45	76
Seguros	5	7
Colleitadora e transporte silo	327	163
Cal	58	58
Abono	132	215
Sementes	149	79
Conservante	40	51
Fitosanitarios	144	32
Plástico	18	17
TOTAL	1.309	1.360

Táboa 12. Custos de produción por ha das producións forestais de piñeiros da zona.

CONCEPTO	Prezo (€ ha ⁻¹)	Nº de actuacións	Custo do turno (€)
Preparación do terreo	166	1	166
Plantación	1.044	1	1044
Reposición de marras	144	1	144
Roza mecanizada (cada 5 anos)	901	6	5406
Poda e clareo (2 veces)	796	2	1591
TOTAL			8.351
Repercusión anual dos custos (turno de corta: 30 anos)			278





Táboa 13. Custos de produción por ha das producións forestais de eucaliptos da zona.

CONCEPTO	Prezo (€ ha-1)	Nº de actuacións	Custo do turno (€)
Preparación do terreo (desbroce + subsolado)	650	1	650
Plantación (mano de obra + planta)	400	1	400
Fertilización (1 vez)	150	1	150
Mantenimiento e reposición de marras (cada 5 anos)	200	3	600
TOTAL			1800
Repercusión anual dos custos (turno de corta: 15 anos)			120

Táboa 14. Custos de produción dos principais cultivos e producións forestais en toda a parroquia, situación tras o proceso

Cultivo	€ ha ⁻¹	ha	Custo total (€)
Millo	1.309	20,7	27.096,3
Pradeira	1.360	320	435.200
Piñeiro	278	65	18.070
Eucalipto	120	260	31.200
TOTAL		665,7	511.566,3

6.2.3.-Custos extraordinarios.

Considérase un custo do 10% da inversión da rede de camiños cada 10 anos para a conservación das obras, é dicir 65.438 €.





6.2.4.-Resume de custos do proxecto

Táboa 15. Custos do proxecto ó longo da súa vida útil

Ano	Custos de inversión	Custos ordinarios	Custos extraordinarios	Total custos
0	74.700,77			74.700,77
1	50.825,81	522,760		573.585,81
2	654.387	522,760		1.177.147
3	50.825,81	522,760		573.585,81
4	320.726,22	522,760		843.486,22
5	4.750,29	511.566,3		516.306,59
6		511.566,3		511.566,3
7		511.566,3		511.566,3
8		511.566,3		511.566,3
9		511.566,3		511.566,3
10		511.566,3	65.438	576.994,3
11		511.566,3		511.566,3
12		511.566,3		511.566,3
13		511.566,3		511.566,3
14		511.566,3		511.566,3
15		511.566,3		511.566,3
16		511.566,3		511.566,3
17		511.566,3		511.566,3
18		511.566,3		511.566,3
19		511.566,3		511.566,3
20		511.566,3	65.438	576.994,3
21		511.566,3		511.566,3
22		511.566,3		511.566,3
23		511.566,3		511.566,3
24		511.566,3		511.566,3
25		511.566,3		511.566,3
26		511.566,3		511.566,3
27		511.566,3		511.566,3
28		511.566,3		511.566,3
29		511.566,3		511.566,3
30		511.566,3	65.438	576.994,3

Hasta o ano 4 considéranse os custos da situación sen proxecto.





6.3.-BENEFICIOS DO PROXECTO.

6.3.1.-Beneficios ordinarios.

Os beneficios teóricos estímase ós prezos de mercado das producións, e dicir, se os gandeiros as tiveran que adquirir no mercado. No caso da pradeira ó non existir un mercado real de este cultivo, tómase como referencia o prezo da t de M.S. de alfalfa, por ser un produto do que si existe mercado e que en boa medida podería substituír á pradeira na ración.

Para as plantacións de piñeiros estímase un rendemento de 450 m³ ha⁻¹ nunha quenda de 30 anos, con un valor de 25 € m⁻³, isto supón un beneficio anual de 375 €.

Para as plantacións de eucaliptos estímase un rendemento de 600 m³ ha⁻¹ nunha quenda de 15 anos, con un valor de 30 € m⁻³, isto supón un beneficio anual de 1200 €.

Táboa 16. Beneficios por ha e ano das principais producións da zona, situación tras o proceso

Cultivo	Prezo de venda das producións ·€ t ⁻¹ de M.S./ ·€ m ⁻³	Produción ·t ha ⁻¹ / ·m ³ ha ⁻¹	Beneficio € ha ⁻¹
Millo	·149	·15	2.235
Pradeiras	·160	·12	1.920
Piñeiro	·25	15	375
Eucalipto	30	40	1200

Para toda a zona os beneficios serían os seguintes:

Táboa 17. Beneficios anuais das principais producións en toda a parroquia, situación tras o proceso de concentración

Cultivo	€ ha ⁻¹	ha	Beneficio total (€)
Millo	2.235	20,7	46.264,5
Pradeira	1.920	320	614.400
Piñeiro	375	65	24.375
Eucalipto	1200	260	312.000
TOTAL			997.039,5

Do mesmo xeito que nos custos, hasta o ano 4 considéranse os beneficios da situación sen proxecto.

6.3.2.-Beneficios extraordinarios.

Compútase como beneficio extraordinario o valor residual da rede de camiños, estímase nun 25% do valor da inversión, e dicir 163.596,75 €.





6.3.3.-Resume de beneficios do proxecto.

Táboa 18. Beneficios do proxecto ó longo da súa vida útil

Ano	Beneficios ordi- narios	Beneficios ex- traordinarios	Total Beneficios
0			
1	971.876		971.876
2	971.876		971.876
3	971.876		971.876
4	971.876		971.876
5	997,039,15		997,039,15
6	997,039,15		997,039,15
7	997,039,15		997,039,15
8	997,039,15		997,039,15
9	997,039,15		997,039,15
10	997,039,15		997,039,15
11	997,039,15		997,039,15
12	997,039,15		997,039,15
13	997,039,15		997,039,15
14	997,039,15		997,039,15
15	997,039,15		997,039,15
16	997,039,15		997,039,15
17	997,039,15		997,039,15
18	997,039,15		997,039,15
19	997,039,15		997,039,15
20	997,039,15		997,039,15
21	997,039,15		997,039,15
22	997,039,15		997,039,15
23	997,039,15		997,039,15
24	997,039,15		997,039,15
25	997,039,15		997,039,15
26	997,039,15		997,039,15
27	997,039,15		997,039,15
28	997,039,15		997,039,15
29	997,039,15		997,039,15
30	997,039,15	163.596,75	1.160.635,9





6.4.-CUSTOS E BENEFICIOS DA SITUACIÓN SEN PROXECTO.

6.4.1.-Custos da situación sen proxecto.

A diferenza de custes antes e despois do proceso de reestruturación enténdese que é debida ás melloras no rendemento da maquinaria, tanto en tempos de transporte (mellora da rede viaria) como de rendemento das labores agrícolas.

Táboa 19. Custos de produción dos principais cultivos da zona, situación antes do proceso

	Millo	Pradeira
CONCEPTO	€ ha ⁻¹	€ ha ⁻¹
Man de obra	189	254
Amortización maquinas	157	313
Reparación maquinaria	107	195
Gasoil e aceite	51	87
Seguros	6	8
Colleitadora e transporte silo	376	187
Cal	66	66
Abono	151	247
Sementes	171	90
Conservante	46	59
Fitosanitarios	165	37
Plástico	21	19
TOTAL	1.506	1.564

Os custos de produción das plantacións de eucaliptos considérase que son os mesmos que tras o proceso (vexase táboa 13). Na situación antes do proceso consideramos que toda a superficie forestal da parroquia son eucaliptos.





Táboa 19. Custos de produción dos principais cultivos e producións forestais en toda a parroquia, situación antes do proceso de concentración

Cultivo	€ ha ⁻¹	ha	Custo total (€)
Millo	1.506	6	9.036 €
Pradeira	1.564	301	470.764
Eucalipto	120	358	42,960
Total		665	522.760

6.4.2.-Beneficios da situación sen proxecto.

Táboa 20. Beneficios por ha e ano das principais producións da zona, situación antes do proceso

Cultivo	Prezo de venda das producións *€ t ⁻¹ de M.S./ **€ m ⁻³	Producción *t ha ⁻¹ / **m ³ ha ⁻¹	Beneficio € ha ⁻¹
Millo	*149	*14	2.086
Pradeiras	*160	*11	1.760
Eucalipto	30	40	1200

Táboa 21. Beneficios anuais das principais producións en toda a parroquia, situación antes do proceso

Cultivo	€ ha ⁻¹	ha	Beneficio total
Millo	2.086	6	12.516
Pradeira	1.760	301	529.760
Eucalipto	1.200	358	429.600
Total		367	971.876





6.5.- CUSTOS E BENEFICIOS INCREMENTAIS, FLUXOS INCREMENTAIS NETOS

Táboa 22. Custos e beneficios das situacións con e sen proxecto ó longo da súa vida útil

Ano	Sen proxecto		Con proxecto	
	Custos	Beneficios	Custos	Beneficios
0			74.700,77	
1	522.760	971.876	573.585,81	971.876
2	522.760	971.876	1.177.147	971.876
3	522.760	971.876	573.585,81	971.876
4	522.760	971.876	843.486,22	971.876
5	522.760	971.876	516.306,59	997.039,15
6	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
7	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
8	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
9	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
10	522.760	971.876	576.994,3	997.039,15
11	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
12	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
13	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
14	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
15	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
16	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
17	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
18	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
19	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
20	522.760	971.876	576.994,3	997.039,15
21	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
22	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
23	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
24	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
25	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
26	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
27	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
28	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
29	522.760	971.876	511.566,3	997.039,15
30	522.760	971.876	576.994,3	1.160.635,9





Táboa 23. Custos e beneficios incrementais e fluxos netos do proxecto ó longo da súa vida útil

Ano	Custos incrementais	Beneficios incrementais	Fluxos incrementais netos
0	74.700,77	0	-74.700,77
1	50.825,81	0	-50.825,81
2	654.387	0	-654.387
3	50.825,81	0	-50.825,81
4	320.726,22	0	-320.726,22
5	-6.453,11	25163,15	31.616,56
6	-11.193,7	25163,15	36.356,85
7	-11.193,7	25163,15	36.356,85
8	-11.193,7	25163,15	36.356,85
9	-11.193,7	25163,15	36.356,85
10	54.234,3	25163,15	-29.071,15
11	-11.193,7	25163,15	36.356,85
12	-11.193,7	25163,15	36.356,85
13	-11.193,7	25163,15	36.356,85
14	-11.193,7	25163,15	36.356,85
15	-11.193,7	25163,15	36.356,85
16	-11.193,7	25163,15	36.356,85
17	-11.193,7	25163,15	36.356,85
18	-11.193,7	25163,15	36.356,85
19	-11.193,7	25163,15	36.356,85
20	54.234,3	25163,15	-29.071,15
21	-11.193,7	25163,15	36.356,85
22	-11.193,7	25163,15	36.356,85
23	-11.193,7	25163,15	36.356,85
24	-11.193,7	25163,15	36.356,85
25	-11.193,7	25163,15	36.356,85
26	-11.193,7	25163,15	36.356,85
27	-11.193,7	25163,15	36.356,85
28	-11.193,7	25163,15	36.356,85
29	-11.193,7	25163,15	36.356,85
30	54.234,3	188.759,14	134.526,5





6.6.- INDICADORES DE AVALIACIÓN

Calculáronse os seguintes indicadores de avaliación:

- Valor actual neto (V.A.N.)
- Taxa interna de rendemento (T.I.R.)

Táboa 24. Indicadores de avaliación do proxecto

Taxa de desconto	V.A.N. (€)	T.I.R. (%)
0,00%	226.513,61	0,55 %
5,00%	-207.802,73	0,55 %
10,00%	-335.766,13	0,55 %
15,00%	-366.767,86	0,55 %

6.7.- ANÁLISE DE SENSIBILIDADE DO PROXECTO

A análise de sensibilidade céntrase na evolución da superficie cultivada na zona unha vez rematada a concentración parcelaria, considéranse as dúas alternativas seguintes:

- Mantemento do uso do solo nas mesmas condicións que na actualidade
- Incremento do uso do solo agrícola nun 25 % respecto á actualidade

6.7.1. Mantemento do uso do solo agrícola nas mesmas condicións que na actualidade.

Táboa 25. Análise de sensibilidade. Uso do solo no suposto de que se manteña na mesma situación que na actualidade.

Uso do solo	Superficie (ha)
Pradeiras	301
Millo	6
Outros	11,49
Forestal (Eucaliptos)	358,7
Fronosas autóctonas	33,97





Táboa 26. *Análise de sensibilidade. Custos e beneficios incrementais e fluxos incrementais netos do proxecto ó longo da súa vida útil no suposto de que os usos do solo se manteñan na mesma situación que na actualidade.*

Ano	Custos incrementais	Beneficios incrementais	Fluxos incrementais netos
0	74.700,77	0	-74.700,77
1	50.825,81	0	-50.825,81
2	654.387	0	-654.387
3	50.825,81	0	-50.825,81
4	320.726,22	0	-320.726,22
5	-57.835,71	49.054	106.889,71
6	-62.586	49.054	111.640
7	-62.586	49.054	111.640
8	-62.586	49.054	111.640
9	-62.586	49.054	111.640
10	4652	49.054	44.402
11	-62.586	49.054	111.640
12	-62.586	49.054	111.640
13	-62.586	49.054	111.640
14	-62.586	49.054	111.640
15	-62.586	49.054	111.640
16	-62.586	49.054	111.640
17	-62.586	49.054	111.640
18	-62.586	49.054	111.640
19	-62.586	49.054	111.640
20	4652	49.054	44.402
21	-62.586	49.054	111.640
22	-62.586	49.054	111.640
23	-62.586	49.054	111.640
24	-62.586	49.054	111.640
25	-62.586	49.054	111.640
26	-62.586	49.054	111.640
27	-62.586	49.054	111.640
28	-62.586	49.054	111.640
29	-62.586	49.054	111.640
30	4652	212.650,75	207.998,75





Táboa 27. *Análise de sensibilidade. Indicadores de avaliación do proxecto no suposto de que os usos do solo se manteñan na mesma situación que na actualidade.*

Taxa de desconto	V.A.N. (€)	T.I.R. (%)
0,00%	1.857.708,39	6,86%
5,00%	464,196,58	6,86%
10,00%	568.314,72	6,86%
15,00%	392.997,15	6,86%

6.7.2. Incremento do uso do solo agrícola nun 25% respecto á actualidade.

Para realizar este análise de sensibilidade estimamos que a superficie ocupada por pradeira aumentará ata as 376,25 ha e a superficie de millo se incrementará ata as 35 ha. Tamén supoñemos que a superficie ocupada polas plantacións forestais reduciríase ata as 254,45 ha.

Táboa 28. *Análise de sensibilidade. Uso do solo no suposto de que o uso do solo agrícola se incremente nun 25% respecto á actualidade.*

Uso do solo	Superficie (ha)
Pradeiras	376,25
Millo	35
Outros	11,49
Forestal (eucaliptos)	254,45
Fronosas autóctonas	33,97





Táboa 29. *Análise de sensibilidade. Custos e beneficios incrementais e fluxos netos do proxecto ó longo da súa vida útil no suposto de que o uso do solo agrícola se incremente nun 25 % respecto á actualidade.*

Ano	Custos incrementais	Beneficios incrementais	Fluxos incrementais netos
0	74.700,77	0	-74.700,77
1	50.825,81	0	-50.825,81
2	654.387	0	-654.387
3	50.825,81	0	-50.825,81
4	320.726,22	0	-320.726,22
5	-78.900	306.010,2	384.910,2
6	-83.650	306.010,2	389.660,2
7	-83.650	306.010,2	389.660,2
8	-83.650	306.010,2	389.660,2
9	-83.650	306.010,2	389.660,2
10	-18.212	306.010,2	324.222,2
11	-83.650	306.010,2	389.660,2
12	-83.650	306.010,2	389.660,2
13	-83.650	306.010,2	389.660,2
14	-83.650	306.010,2	389.660,2
15	-83.650	306.010,2	389.660,2
16	-83.650	306.010,2	389.660,2
17	-83.650	306.010,2	389.660,2
18	-83.650	306.010,2	389.660,2
19	-83.650	306.010,2	389.660,2
20	-18.212	306.010,2	324.222,2
21	-83.650	306.010,2	389.660,2
22	-83.650	306.010,2	389.660,2
23	-83.650	306.010,2	389.660,2
24	-83.650	306.010,2	389.660,2
25	-83.650	306.010,2	389.660,2
26	-83.650	306.010,2	389.660,2
27	-83.650	306.010,2	389.660,2
28	-83.650	306.010,2	389.660,2
29	-83.650	306.010,2	389.660,2
30	-18.212	469.606,9	487.818,9





Táboa 30. *Análise de sensibilidade. Indicadores de avaliación do proxecto no suposto de que o uso do solo agrícola se incremente nun 25 % respecto á actualidade.*

Taxa de desconto	V.A.N. (€)	T.I.R. (%)
0,00%	9.091.633,82	23,24%
5,00%	3.918.913,05	23,24%
10,00%	2.674.502,28	23,24%
15,00%	1.963.020,06	23,24%

Como pose verse, para os casos analizados obtense un T.I.R. positivo, e polo tanto a situación con proxecto supera a situación sen proxecto.

7.- CONCLUSIÓNS DO ESTUDIO

Do **Epígrafe 6** dedúcese que o proxecto é viable dende un punto de vista económico, tanto na situación prevista tras o proceso de reestruturación como nas situacións estudadas no análise de sensibilidade do proxecto, con taxas internas de rendemento positivas en todos os casos (0,55 % na situación prevista, 6,86 % mantendo os usos do solo como na actualidade e 23,24% na situación de aumentar a superficie agraria nun 25% con respecto a actualidade).

O valor máis baixo na situación prevista deriva de que na reestruturación proposta propónse que o 20% da superficie forestal da parroquia vaise plantar con especies autóctonas de piñeiros, e destas especies obtéñese un rendemento económico moi inferior aos eucaliptos que son a especie forestal dominante antes do proceso. Pero hai que ter en conta os beneficios medioambientais derivados dunha adecuada ordenación da superficie forestal, intercalando ademais especies autóctonas, factores todos estes que son moi difíciles de cuantificar economicamente.

Ademais de isto hai outros efectos favorables de difícil cuantificación económica como son a fixación de poboación no rural, mantemento de explotacións viables para a produción de alimentos, clarificación da titularidade das propiedades, a protocolización notarial e registral dos predios de substitución e a integración da base gráfica do proceso de reestruturación parcelaria na base gráfica de catastro ...





Tamén é moi relevante, dentro dos beneficios de difícil cuantificación económica, os valores engadidos que aporta o proceso de ordenación dos cultivos e da superficie forestal, como ferramenta de axuda a prevención e defensa contra os incendios forestais.

Da análise da situación actual (**Epígrafe 2**) e da situación transformada (**Epígrafe 3**) dedúcese que o proxecto tamén é viable dende un punto de vista técnico. Non existen limitacións importantes dende un punto de vista ambiental ou patrimonial, e os terreos obxecto do proceso poden ter un uso agrícola axeitado, tanto polas explotacións existentes na parroquia como nas parroquias colindantes, sendo susceptibles de posta en cultivo parte dos terreos que hoxe están en estado de abandono.

Por outra parte, a reestructuración parcelaria na parroquia de Poulo antoxase clave para facilitar a adecuación territorial das áreas con elevados valores medioambientais e paisaxísticos, de tal maneira que se potencie a conservación e a permanencia dos ditos valores ou se reduza a potencial incidencia do risco, a través da reorganización espacial e funcional da estrutura territorial existente.

En canto á aceptación social do proceso (**Epígrafe 5**), foi solicitado pola maioría dos propietarios de explotación que se dedican á actividade agraria na zona, polo que o grado de aceptación do proxecto na zona en principio é bo. Ó longo dos estudos previos efectuados sobre o terreo non se detectou rechazo ó proxecto, senón pola contra unha actitude positiva.

Por todo o exposto, conclúese que a reestructuración parcelaria da parroquia de San Xulián de Poulo é viable.

A Coruña, marzo 2021

Francisco Paz Feijóo,

Ana Arizón Fanlo,

Xefe de sección
(asinado dixitalmente)

Xefa do servizo
(asinado dixitalmente)





XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial
da Consellería do Medio Rural

Servizo de Infraestruturas Agrarias
Edificio Administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2, 6º andar
15071 A Coruña



ANEXOS Á MEMORIA



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial
da Consellería do Medio Rural

Servizo de Infraestruturas Agrarias
Edificio Administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2, 6º andar
15071 A Coruña



**ANEXO I: DOCUMENTO DE SÍNTESE DO ESTUDO DE IMPACTO
AMBIENTAL E INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL**



Xacobeo 2021

DOCUMENTO DE SÍNTESE



ÍNDICE

0. DOCUMENTO DE SÍNTESE	2
0.1. INTRODUCCIÓN	2
0.1.1. ANTECEDENTES	2
0.1.2. OBXECTIVOS	2
0.2. DESCRICIÓN DO PROXECTO E AS SÚAS ACCIÓNS	4
0.2.1. LOCALIZACIÓN	4
0.2.2. IMPLICACIÓNS AMBIENTAIS DO PROXECTO	4
0.2.3. DESCRICIÓN XERAL DO PROCESO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA.....	6
0.2.4. ACCIÓNS DO PROCESO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA	7
0.3. INVENTARIO AMBIENTAL	9
0.3.1. SUBSISTEMA FÍSICO NATURAL	9
0.3.2. SUBSISTEMA SOCIOECONÓMICO.....	10
0.4. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS UNIDADES AMBIENTAIS	12
0.5. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE IMPACTOS	15
0.6. MEDIDAS DE INTEGRACIÓN AMBIENTAL	16
0.6.1. ESTUDO DO PERÍMETRO DE REESTRUTURACIÓN	16
0.6.2. MEDIDAS PREVENTIVAS	17
0.6.3. MEDIDAS CORRECTORAS	18
0.7. PLAN DE VIXILANCIA AMBIENTAL	21
0.8. CONCLUSIÓNS	23



0. DOCUMENTO DE SÍNTESIS

0.1. INTRODUCCIÓN

0.1.1. ANTECEDENTES

Segundo o Decreto 102/1999, de 8 de abril, declárase de utilidade pública e urxente execución a reestruturación parcelaria da parroquia de Poulo (Ordes-A Coruña), motivado pola dispersión parcelaria que presentaban os terreos de dita parroquia, posta de manifesto polos agricultores desta, mediante solicitude dirixida ao conselleiro de Agricultura naquel momento.

Posteriormente, segundo a Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, declárase caducado o proceso por non se levar a cabo actos administrativos firmes nos anteriores quince anos. Conforme a dita lei, e por iniciativa da Consellería de Medio Rural, se reinicia o proceso de elaboración do estudo de iniciación previo ao posible novo decreto de utilidade pública.

O proceso de reestruturación parcelaria tramítase pola Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que establece como requisito previo ao inicio do proceso, a elaboración dun documento ambiental previo que recolla as áreas de especial relevancia polo seu valor xeolóxico, paisaxístico e ambiental, así como unha enumeración dos bens patrimoniais que puidesen resultar afectados pola reestruturación.

Por outra banda, conforme á lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a reestruturación parcelaria da parroquia de Poulo é un proxecto incluído no anexo II que regula os proxectos sometidos á avaliación ambiental simplificada. Esta clasificación ven do feito de que se trata dunha zona superior ás 100 hectáreas e exclúese do anexo I por non haber un cambio de uso do solo que provoque unha alteración substancial da cobertura vexetal.

Como trámite de obrigado cumprimento segundo a citada lei, acométese a elaboración do presente documento ambiental para adxuntar á solicitude de inicio da avaliación de impacto ambiental simplificada.

0.1.2. OBIECTIVOS

Para dar cumprimento á lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, plantéxanse os seguintes obxectivos:

- Delimitar a zona de reestruturación parcelaria e estudar os usos do solo tanto actuais como os que previsiblemente provocará o proceso, para motivar a aplicación do procedemento de avaliación de impacto ambiental simplificado.
- A definición, características e localización do proxecto.
- Unha exposición das principais alternativas estudadas e unha xustificación das principais razóns da solución adoptada, tendo en conta os efectos ambientais.



- Unha avaliación dos efectos previsibles directos ou indirectos, acumulativos e sinérxicos do proxecto sobre a poboación, a saúde humana, a flora, a fauna, a biodiversidade, o solo, o aire, a auga, os factores climáticos, o cambio climático, a paisaxe, os bens materiais, incluído o patrimonio cultural, e a interacción entre todos os factores mencionados, durante as fases de execución, explotación e, se for o caso, durante a demolición ou abandono do proxecto. Cando o proxecto poida afectar directa ou indirectamente os espazos da Rede Natura 2000 incluírase un punto específico para a avaliación das súas repercusións no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do espazo.
- As medidas que permitan previr, reducir e compensar e, na medida do posible, corrixir calquera efecto negativo relevante no ambiente da execución do proxecto.
- A forma de realizar o seguimento que garanta o cumprimento das indicacións e medidas protectoras e correctoras contidas no documento ambiental.



0.2. DESCRICIÓN DO PROXECTO E AS SÚAS ACCIÓNS

0.2.1. LOCALIZACIÓN

A zona a concentrar está comprendida dentro do concello de Ordes que linda ao norte con Cerceda e Carral, ao leste con Mesía, Abegondo e Frades, ao sur con Oroso, e ao oeste con Tordoia.

A parroquia no que se leva a cabo o proceso de reestruturación é a de San Xulián de Poulo e presenta as seguintes características:

Linda ao norte con Buscás, ao nordés con Vilamaior, ao leste con Barbeiros, ao sur con Pereira e ao oeste con Ordes. Ten unha superficie de 9,66 km² e atoparíase dentro do grupo de parroquias que non chega á media municipal, que se localiza en torno aos 12 km². Ao longo desta repártense 9 núcleos, que non o fan de forma homoxénea, senón que existe unha tendencia á metade oeste, quedando o leste máis despoboado.

A superficie inicial de actuación é de 744,46 ha e corresponde na súa maior parte ás parcelas da parroquia de San Xulián de Poulo. Está delimitada na zona norte polas concentracións parcelarias de San Paio de Buscás e de Buscás ademais de polo Río das Penedas. Na zona este algunhas parcelas pertencen á parroquia de Barbeiros e limitan tamén coa concentración parcelaria de Vilarmaior- Barbeiros. No sur da zona temos as parcelas que se corresponden co límite desta parroquia, (quedando próxima a concentración parcelaria de Beán e Pereira). O límite oeste da zona de reestruturación parcelaria queda definido polo Río Cabrón.

Comprende os núcleos de: As Pardiñas, A Costa, O Outeiro, Lavandeira de Baixo, Lavandeira de Riba, Blanca, A Senra, A Calle e o Piñeiro; e os lugares de: As Agradas, A Canteira, Urraca, Os Castros, O Montañón, Fontevella, As Lamelas, Canteira de Morazos, O Costón e parte do Prado Grande e da Agra de Vello.

0.2.2. IMPLICACIÓNS AMBIENTAIS DO PROXECTO

A reestruturación parcelaria, máis que un proxecto, pódese definir como un procedemento técnico - xurídico para reorganizar a propiedade e se é posible, as explotacións agrarias mediante a reunión nun mesmo lugar dos dereitos sobre varios terreos rústicos para mellorar o seu aproveitamento.

Neste proceso, en tanto que afecta á propiedade individual e colectiva, interveñen multitude de variables que é necesario conxugar. Á súa vez é un proceso participativo xa que, por un lado os propietarios, e por outro os distintos organismos con competencias sobre o territorio ou algún dos elementos que o conforman, teñen canles de participación establecidos.

A dificultade inherente a este proceso radica na valoración dos diferentes factores ambientais para agrupalos en base á súa importancia e definir as medidas a tomar en cada acción do proxecto, aínda que no caso da parroquia de Poulo se intúen claramente dúas grandes zonas definidas polo uso, ocupando a maior parte da zona. Por un lado o uso forestal e por outro o agrícola forraxeiro.



Por outra banda, nunha análise paralela, hai que ter en conta tamén os ecosistemas definidos na Directiva Hábitat, tanto por cumprir coa normativa vixente, como por constituír un bo punto de partida para resumir as implicacións ambientais que condicionen os usos a levar a cabo no territorio.

Con estas premisas, debemos estudar os efectos derivados das accións propias do proxecto, sendo os máis relevantes os derivados da ocupación física da rede de camiños a executar, variando a súa importancia segundo as seguintes unidades de síntese:

- **Ríos e vexetación ripícola:** englobanse nesta unidade os cursos fluviais en forma de ríos e regatos que drenan a superficie do perímetro de reestruturación, así como o medio ribeireño adxacente, delimitado polos solos hidromorfos e pola típica vexetación de ribeira. Esta vexetación é importante porque ademais de protexer as augas como filtros verdes de contaminantes como herbicidas, zurros, pesticidas, etc., forman parte das zonas de tránsito empregadas pola fauna. Nesta zona de reestruturación conforma o hábitat de maior valor ecolóxico, os Río Cabrón, Rego do Cabo, Río das Penedas, Rego da Ponte Ribeira, Rego dos Muíños de Cubo, hábitat de interese comunitario 3260, e o seu bosque aluvial asociado, hábitat prioritario 91E0*.
- **Masas de frondosas autóctonas:** constitúen a vexetación potencial da zona como carballeiras de *Quercus robur*, hábitat de interese comunitario 9230.
- **Masas mixtas de frondosas e piñeiros:** constitúen a vexetación potencial da zona con carballeiras de *Quercus robur*, hábitat de interese comunitario 9230, aínda que nesta ocasión cun carácter mixto, polas antigas repoboacións maduras de *Pinus pinaster* que se mesturan ou por cultivos forestais de *Eucalyptus globulus*.
- **Mosaico de prados, cultivos e sebes:** Trátase dunha unidade que comprende os campos de cultivo, pasteiros, sebes e espazos relacionados coas explotacións agrarias, e que teñen unha conformación paisaxística tradicional en mosaico característica, con sebes arbóreas de carballo e loureiro. Os principais cultivos son os prados forraxeiros de raigrass e cultivos de millo.
- **Repoboacións forestais:** Corresponde coas grandes extensións procedentes de repoboación con especies produtoras de rápido crecemento, e que son principalmente *Pinus pinaster* e *Eucalyptus globulus*.
- **Patrimonio cultural:** esta unidade ambiental é importante dende o punto de vista do patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico da zona. Comprende todos os elementos identificados na prospección arqueolóxica e a superficie de protección asignada.

Esta avaliación prospectiva será a que aporte a información necesaria para sentar as bases sobre as que establecer a integración ambiental do proceso de reestruturación, mediante a definición dunha serie de medidas preventivas asociadas a cada unha das accións previsibles do proxecto de reestruturación.



Outra particularidade da reestruturación parcelaria é que non é un proceso que tan só leve accións asociadas, senón que o propio proceso induce a aparición de reaccións. A corta de arboredo, reacción frecuente por parte dos propietarios derivado do proceso, podería ser facilmente atallada se estivese orixinada exclusivamente nas accións do proxecto. Un dos puntos onde regular este impacto é mediante medidas preventivas, nos deseños da nova rede de pistas e do novo parcelario, podendo diminuír a relevancia do impacto.

O problema é que gran parte do proceso de diminución de arboredo autóctono non é consecuencia dunha acción do proxecto, senón dunha reacción ante o mesmo. E isto xa ten unha resolución máis complexa. O mesmo poderíase dicir dos cambios de uso do solo, de agrario a forestal, trala finalización da reestruturación. Acadar a diminución da importancia destes impactos ten un grado de dificultade maior, porque non pode afrontarse intrinsecamente desde o proxecto. Pero a dificultade de atenualos non pode eclipsar a necesidade de detectalos e prevelos.

Polo tanto a metodoloxía a desenvolver para este traballo debe consistir nunha análise sobre como adaptar ao medio cada unha das posibles actuacións a desenvolver, o que obriga a un coñecemento técnico da agricultura, da reestruturación e do medio. O resultado final debería ser un proxecto de reestruturación parcelaria ambientalmente compatible e axeitadamente integrado.

0.2.3. DESCRICIÓN XERAL DO PROCESO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA

Segundo a Lei 4/2015, de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, as fases que comprenderá o proceso de reestruturación parcelaria son as seguintes:

- Estudo Previo de Iniciación.
- Decreto.
- Bases de reestruturación parcelaria.
- Acordo de reestruturación parcelaria.
- Acta de reorganización da propiedade.

No procedemento de reestruturación parcelaria inclúense as seguintes actuacións complementarias e necesarias para o seu desenvolvemento:

- A preparación dos planos parcelarios cartográficos.
- A elaboración do documento ambiental previo e do estudo de impacto ambiental, se é o caso.
- A elaboración do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria.
- A elaboración do plan de obras.
- A implantación dos predios de substitución.
- A inmatriculación rexistral destes.

Así mesmo, forman parte do procedemento de reestruturación parcelaria o conxunto das actuacións sobre as infraestruturas.



Determinaranse regulamentariamente os procedementos técnicos de execución das diferentes operacións que forman parte das devanditas actuacións.

➤ **INICIO DO PROCESO**

Para o inicio dun proceso de mellora da estrutura territorial agraria nunha zona será necesario acreditar, con carácter previo, que se cumpre algún dos requisitos necesarios para acadar os obxectivos xerais que se establecen na lei.

➤ **ESTUDO PREVIO DE INICIACIÓN**

Superado favorablemente o proceso de avaliación, é dicir, acreditando o cumprimento dos obxectivos xerais tendo en conta diversas circunstancias, o servizo provincial correspondente poderá comezar a elaboración do estudo previo de iniciación da zona de reestruturación, logo do mandato da dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural.

➤ **DECRETO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA**

De acadar un resultado positivo o estudo previo de iniciación da zona, por proposta da consellaría competente en materia de desenvolvemento rural declararase, mediante decreto do Consello da Xunta, a utilidade pública da súa reestruturación parcelaria.

➤ **BASES DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA**

É a fase do procedemento de reestruturación parcelaria consistente na execución das operacións de definición do parcelario, de investigación da propiedade e de clasificación das terras.

➤ **ACORDO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA**

É a fase do procedemento de reestruturación parcelaria consistente no deseño dunha nova ordenación territorial do conxunto dos terreos incluídos na zona de reestruturación mediante a agrupación e, se for o caso, nova localización dos terreos achegados por cada propietario.

➤ **ACTA DE REORGANIZACIÓN DA PROPIEDAD**

Na acta de reorganización da propiedade relaciónanse e descríbense os dereitos reais e as situacións xurídicas que se determinaron no período de investigación e os predios de substitución sobre os que se establecen, así como os novos dereitos reais que se constitúan.

0.2.4. ACCIÓNS DO PROCESO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA

No proceso de Reestruturación Parcelaria, as actuacións que poden supoñer unha maior alteración da paisaxe, así como a alteración de certos ecosistemas, son na fase de execución, a execución das pistas de servizo e o acondicionamento dos terreos, así como calquera obra complementaria que se puidera incluír no plan de obras. Poden ser as seguintes:

- Accesos aos predios de substitución a partir da rede de camiños
- Obras de acondicionamento e mellora da estrutura dos novos predios
- Medidas correctoras para posibles impactos



- Acondicionamento de regadíos ou canalizacións de auga
- Captación e depuración de augas e redes de saneamento
- Cargadoiros de produtos forestais
- Puntos de captación de auga
- Outras obras para dar servizo aos polígonos agrarios para orientacións prioritarias.
- Obras de abastecemento comunitario de enerxía
- Rede de pistas forestais

En canto á rede de camiños, hai que destacar que a maioría dos impactos identificados no Documento ambiental veranse notablemente minimizados cun deseño axeitado das fincas de substitución, dos lotes asignados e principalmente do deseño da rede viaria que neste caso se describe a continuación:

Proponse un deseño de cunetas de como mínimo un metro a cada lado do camiño. En canto ao firme, proponse un ancho de firme de 5 metros para aqueles viais que sirvan como zonas de paso; 3 metros de ancho con apartadoiros para camiños que dean acceso a terreos de uso forestal; e 4 metros para o resto tendo en conta que estes anchos pódense ver reducidos pola presenza de elementos artificiais (muros de pedra, etc.), que pode non ser obxecto de derribo ou elementos con valores naturais a protexer. En calquera caso os anchos propostos merecerán estudo detallado para cada caso no seu momento.

A rede de camiños proposta trata de dar un correcto acceso ás futuras leiras de substitución. No caso de que puntualmente este acceso non quede asegurado será preciso o trazado de novos camiños.

O trazado total dos camiños proposto representan unha lonxitude de 22.835,48 metros, dos cales 7.592,39 metros corresponderíanse a camiños de nova apertura (código "NA") e 15.243,09 metros a camiños que decorren sobre camiños existentes (código "AC") os cales precisan mellora do firme e, nos casos que non teñan suficiente ancho, ancheamento e apertura de cunetas.



0.3. INVENTARIO AMBIENTAL

0.3.1. SUBSISTEMA FÍSICO NATURAL

O clima de Ordes relativamente cálido e temperado. Os meses de inverno son moito máis chuviosos que os de verán. A temperatura medio é de 12,6°C e se dan ao redor de 1.317mm de precipitación anual sendo os meses máis secos xullo e agosto, coincidindo cos meses máis cálidos.

O relevo da zona de concentración está composto por materiais moi antigos e sinxelamente erosionables, e está definido pola configuración do val do río Cabrón que define a grandes trazos a orografía da parroquia, deixando na súa metade oeste unha gran zona baixa e relativamente cha, fronte á metade este de zonas máis altas e maiores pendentes.

A altimetría da parroquia de Poulo distribúese entre unha altitude mínima de 250 metros sobre o nivel do mar na súa parte suroeste, na ribeira do río Cabrón, ata os 375 metros no lado nordeste, acadando unha elevación media de 310 metros.

Na nosa zona de estudo o rango de maiores pendentes cunha porcentaxe do 63,36% vai dende o 3-12% e polo tanto a pendente media acada o 10%.

Dende o punto de vista xeolóxico os materiais presentes na zona abarcan dende o Cuaternario ao Precámbrico e son fundamentalmente rochas metamórficas, cun grao de alterabilidade moi alta e unha permeabilidade moi baixa ou impermeable e os depósitos aluviais nas chairas dos ríos da conca do río Tambre, constituídos por depósitos detríticos cuaternarios cun grao de permeabilidade alta.

Os tipos de solos da zona de reestruturación están claramente condicionados pola xeoloxía e son principalmente: umbrisoles ferrálicos, cambisoles antiferrálicos/antidísticos, fluvisoles úmbricos /gleyicos e umbrisoles humigleyicos.

A maior parte da superficie se atopa dentro das catro primeiras clases consideradas aptas para o cultivo. O 17,34% da superficie pertence á clase II formada por terreos capaces de soportar un laboreo continuado, o 56,18% dos terreos pertencen á clase III e son capaces de soportar un laboreo sistemático, o 21,51% pertence á clase IV que son os terreos susceptibles de laboreo tan só en forma ocasional e o resto da superficie, o 4,98%, pertence a outras clases.

A rede hidrográfica de Ordes está formada por numerosos ríos e regatos. Os máis importantes son o Tambre, o Cabrón e o Lengüelle, que drena a maior parte do territorio municipal e recolle tamén as augas dos encoros de Vilasenín e Vilagudín. En concreto, na parroquia de Poulo se destacan o río Cabrón que delimita a parroquia pola parte oeste e os regos de Muíños e Ponte Ribeira cuxo trazado transcorre dirección NE-S.

Na zona de estudo cabe destacar a existencia dos seguintes hábitats naturais recollidos na directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres:



- 3260: Ríos dos pisos basal a montano con vexetación de *Ranunculion fluitantis* e de *Callitricho-Batrachion*.
- 6410: Prados con molinias sobre substratos calcarios, turbosos ou arxilo-limosos (*Molinion caeruleae*)
- 6510: Prados de sega de baixa altitude (*Alopecurus pratensis*, *Sanguisorba officinalis*).
- 91E0*: Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae).
- 9230: Carballeiras galaico-portugueses con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica*.

Ademais dos hábitats naturais anteriores, en Poulo adquiren gran importancia os hábitats de tipo antropoxénico, como son os agrosistemas e os hábitats agro-silvo-pastorais e tamén as plantacións forestais.

Na área inventariáronse un total de 66 especies de aves, 44 delas detectadas nas mostraxes; 16 especies de mamíferos, 7 delas detectadas nas mostraxes; 6 especies de anfibios inventariadas na área de estudo, 4 delas detectadas nas mostraxes; 5 especies de réptiles inventariadas na área de estudo, das que 2 detectáronse nas mostraxes; 4 especies de peixes inventariadas na área de estudo das 12 que aparecen en Galicia e outras especies de invertebrados.

Con respecto ao patrimonio histórico-artístico e cultural e trala realización do proxecto de prospección arqueolóxica, identificáronse un total de 28 elementos entre arquitectónicos, etnográficos e xacementos arqueolóxicos.

0.3.2. SUBSISTEMA SOCIOECONÓMICO

Na parroquia de Poulo a poboación no ano 2016 era de 323 persoas e tendo en conta a poboación total do concello, a porcentaxe é do 2,55%.

A base económica do concello depende maioritariamente do sector servizos, que ocupa case o 60% dos traballadores, seguido polo sector secundario que ocupa un 20,60% dos asalariados dentro da rama da industria e 11,29% na rama da construción, e por último o sector primario, no cal soamente traballan o 8,73% da poboación.

As explotacións que se atopan no municipio de Ordes son 455, cun total de bovinos de 9023, isto danos una media de case 20 animais por explotación.

En Ordes a superficie forestal total para o ano 2015 é de 7678 ha segundo o Anuario de Estatística Agraria e as posibilidades de desenvolvemento deste sector son importantes.

O ámbito de territorio analizado neste estudo, atópase encadrado entre un dos principais eixos de comunicación, a estrada autonómica da rede primaria básica AC-524 (Ordes-Lanzá), que comunica Ordes co concello de Mesía e coa estrada estatal N-634, e a estrada provincial DP-3802, que comunica Ordes con Ponte Carreira. Ao leste do ámbito atópase a autopista AP-9 que discorre de norte a sur, creando dúas zonas ben diferenciadas na zona da reestruturación.



En xeral pódese considerar que a rede viaria da zona de estudo é óptima en canto ao trazado e ao seu nivel de conservación, aínda que coa realización da reestruturación parcelaria se construírán novos trazados que servirán de apoio aos actuais, para así poder dar servizo a todos os terreos de substitución.


A posición social fronte ó proxecto de Concentración Parcelaria é moi favorable, isto débese posiblemente a que outras parroquias do concello están xa concentradas ou en proceso de concentración, o cal fai que os veciños poidan observar os beneficios das actuacións da Reestruturación Parcelaria.

A concentración das parcelas repercutiría en menores custos, xa que facilita o manexo e a xestión das producións forraxeiras e da explotación en xeral, o cal implica uns maiores beneficios. Isto débese a redución de custos que supón a realización dos diversos traballos nun menor número de terreos, cunha forma máis regular e con mellores accesos.

A apertura de pistas de concentración facilita o acceso ós terreos, reduce os tempos de desprazamento e ten ademais unha función contra incendios importante: actuando como devasas, facilitando o acceso e a extinción.

0.4. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS UNIDADES AMBIENTAIS

Para facer a valoración ambiental do territorio afectado polo proxecto, definíranse previamente as Unidades Ambientais. Que son sectores do territorio relativamente homoxéneos, que se obteñen de forma empírica a partir da observación realizada. Descríbense polas súas características relevantes e valóranse dende os puntos de vista ecolóxico, produtivo, paisaxístico e cultural. As Unidades de síntese ou Unidades ambientais son os sectores básicos do territorio, en función dos cales, se realiza o diagnóstico ambiental.



Tendo en conta o territorio que realmente se pode ver afectado polos traballos inherentes ao proceso de concentración parcelaria recoñécense as seguintes Unidades Ambientais:

- **UA1: Ríos e vexetación ripícola.** O sistema fluvial e a súa vexetación asociada ten unha importante función como corredor ecolóxico para a fauna presente na zona. O elemento máis evidente da rede fluvial da ZRP se trata do río Cabrón cuxa importancia radica principalmente na súa vexetación asociada e a súa clasificación como hábitat prioritario da



Rede Natura 2000 ao seu paso pola zona de estudio. Tamén hai que ter en conta que limita a zona de reestruturación pola súa parte oeste. Tamén en dirección norte-sur, ao seu paso polo núcleo de poboación A Calle, pasa o Rego da Ponte Ribeira, así coma outro que pasa entre os núcleos de Lavandeira de Arriba e de Abaixo. Aínda que estes dous últimos cursos de auga se terían que cruzar en diferentes puntos pola rede de camiños, debido á súa pequena entidade e á presenza de numerosas obras de cruce xa existentes, non suporán unha limitación importante en canto á comunicación da ZRP.

- **UA2: Masas de frondosas autóctonas:** aínda que non constitúen unha ocupación importante respecto ao total da zona de reestruturación, está recoñecida a importancia destes ecosistemas pola súa elevada biodiversidade ou incluso polo seu uso tradicional. Dentro destas masas, o factor ambiental máis importante é, claramente a presenza do estrato arbóreo superior, constituído principalmente por carballos e castiñeiros, en ocasións centenarios. Atópanse distribuídas principalmente pola metade oeste, asociadas ás zonas agrícolas ou ao redor dos núcleos. En canto ao trazado da rede de camiños, na medida do posible, terase que intentar evitar abrir novas pistas que pasen por estas zonas, primando o acondicionamento das vías xa existentes, para non limitar a súa continuidade. En canto a posibles afeccións derivadas da nova distribución da propiedade unha medida factible sería a creación de subperímetros ou adxudicar estas zonas aos mesmos propietarios.
- **UA3: Masas mixtas de frondosas e piñeiros:** Masas mixtas de frondosas e piñeiros: con escasa superficie con respecto ao total da zona de estudio, apenas un 1,5%, defínense polo grao de intervención humana. Unhas caracterízanse pola plantación de pequenas zonas de piñeiro difuminadas polo medio de zonas de frondosas e outras son plantacións de piñeiro que por certo grao de abandono se converten en masas mixtas.
- **UA4: Mosaico de prados, cultivos e sebes:** distribúese fundamentalmente pola metade oeste da ZRP, coincidindo coa distribución dos núcleos de poboación e supón algo menos do 40% do total da zona de estudio. Aínda que dun valor ambiental medio, esta supón a unidade de síntese máis importante en canto aos obxectivos deste estudio, xa que o plan de obras se deseñará coa intención de producir un impacto positivo sobre esta. Isto é debido a que a reorganización da propiedade nestes terreos inflúe directamente na rendibilidade das explotacións que lles dan uso a estes terreos, tanto polo aumento da base territorial como pola mellora dos accesos e mellor adaptación a cada tipo de cultivo. Estas explotacións son fundamentalmente ganderías de vacún e o uso é para a produción de forraxes de millo e herba.
- **UA5: Repoboacións forestais:** están constituídas principalmente por plantacións de piñeiros e eucaliptos. Correspondese a pouco máis do 40% da ocupación da zona de estudio e repártese fundamentalmente na metade este da ZRP. E dentro desta zona, aproximadamente a metade norte está formada por eucaliptos. Ao ser masas completamente artificiais con fines produtivos e un aproveitamento de corta a feito, calquera afección sobre estas masas, a priori, terá un baixo impacto ambiental.



- **UA6: Patrimonio cultural e ámbitos de protección:** esta unidade ambiental é importante dende o punto de vista do patrimonio histórico-artístico e arqueolóxico da zona. Destaca a presenza do Camiño Inglés do Camiño de Santiago co seu trazado dirección norte-sur pasando polos núcleos de A Costa, O Outeiro, Blanca, A Senra e A Calle; en canto aos elementos arqueolóxicos hai tres castros na ZRP o de Outeiro, o castro de Poulo e o castro da Croa; tamén existen múltiples exemplos de patrimonio etnográfico. Como elementos a protexer, ningún destes elementos se poderá ver directamente afectado e as medidas adoptadas en materia de protección deberán aprobarse por parte da administración competente en materia de patrimonio.
- **UA7: Núcleos de poboación e diseminados:** Comprende os núcleos de poboación, a delimitación destes e as vivendas e construcións auxiliares espalladas pola zona. Ditos núcleos son As Pardiñas, A Costa, O Outeiro, Labandeira de Arriba e de Abaixo, Blanca, A Calle e Piñeiro.
- **UA8: Infraestruturas:** Esta unidade merece especial atención xa que é a que maior impacto sufrirá a causa do proxecto, aínda que positivo, xa que se completará a rede viaria co plan de obras na fase de execución. A continuación móstrase un resumo das vías existentes:

TITULAR	FIRME	ESTADO	ANCHO (m)	LONXITUDE (km)
Estado	Mestura bituminosa	Bo	9	4,95
C. autónoma	Mestura bituminosa	Bo	7	2,50
Deputación	Mestura bituminosa	Bo	6	2,10
Municipio	Mestura bituminosa	Bo	6	0,88
			5	0,31
	Rego asfáltico	Bo	4	5,27
			3	2,86
			Regular	3
	Saburra	Bo	3	0,55
			Regular	3
	Terra	Regular	3	1,98
Outros	Rego asfáltico	-	4	1,95
		-	3	0,16
	Saburra	-	4	0,72
		-	3	1,26
	Terra	-	4	1,15
		-	3	3,52
Terra	-	<3	13,03	
TOTAL				48,9

0.5. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE IMPACTOS

A identificación dos posibles impactos ocasionados polas actuacións de concentración hai que realizalos a nivel de Unidade Ambiental, tendo en conta diferentes elementos do medio (medio hídrico, elementos edáficos, vexetación, fauna, paisaxe...). Valóranse positivamente Unidades onde exista vexetación natural con alto grao evolutivo, cursos de auga, cultivos tradicionais e lindes de elevado valor paisaxístico.

Identifícanse e valóranse os impactos ó longo da fase de Formulación, Execución e Explotación:

Fase	Accións produtoras de impactos	Valoración
FASE DE FORMULACIÓN	Eliminación das árbores e vexetación natural	MODERADO
	Abandono de terras	POSITIVO
	Novas roturacións	COMPATIBLE
	Proliferación de peches de terreos e novas construcións	COMPATIBLE
FASE DE EXECUCIÓN	Eliminación e transformación de lindes perimetrais	MODERADO
	Interacción sobre o patrimonio	COMPATIBLE
	Localización de instalacións, depósitos e zonas de provisión de materiais	COMPATIBLE
	Mantemento de maquinaria e equipos	MODERADO
	Tránsito e operación de maquinaria	MODERADO
	Roza e limpeza (Eliminación de vexetación)	MODERADO
	Movemento de terras. (Recheos, ensanches e acondicionamento de explanadas)	MODERADO
	Xeración de residuos de terra (Vertedoiros)	MODERADO
	Extracción de áridos (Canteiras)	MODERADO
	Interacción sobre elementos etnográficos e arqueolóxicos	COMPATIBLE
	Mellora das infraestruturas de drenaxe	MODERADO
FASE DE EXPLOTACIÓN	Nivelación dos terreos	COMPATIBLE
	Eliminación de vexetación periférica e lindes, e creación de novos cercados	MODERADO
	Novas prácticas agrícolas, cambios de aproveitamentos e usos do solo	MODERADO
	Incidencia socioeconómica da reestruturación	POSITIVO
	Intensificación do laboreo, incremento do uso de fitosanitarios, fertilizantes...	MODERADO
	Incremento da accesibilidade	POSITIVO
	Mellora das condicións de explotación	POSITIVO



0.6. MEDIDAS DE INTEGRACIÓN AMBIENTAL

Dentro do proceso de concentración, as actuacións que poden supoñer unha maior modificación dos patróns actuais da paisaxe, así como a alteración de certos ecosistemas, é o acondicionamento de terreos e, sobre todo, a execución dos camiños de servizo. A maior parte dos impactos negativos identificados no documento ambiental veríanse notablemente minimizados cun deseño axeitado de terreos de substitución, da asignación de lotes e, sobre todo, de disposición da rede viaria.

Neste sentido, establécense no Apartado 6 do documento unha serie de recomendacións para lograr a integración ambiental do proceso de concentración, así como un Programa de Seguimento Ambiental para a súa posta en marcha durante o proceso. As medidas propostas para a integración ambiental do proceso de reestruturación parcelaria agrupáronse en tres grupos en función da fase na que se atope, resumindo as principais medidas a continuación:

0.6.1. ESTUDO DO PERÍMETRO DE REESTRUTURACIÓN

- **Posibilidade de non levar a cabo a reestruturación parcelaria:** descártase a posibilidade de non levar a cabo o proceso de reestruturación parcelaria xa que tódolos impactos estudados sobre a poboación e as actividades agrogandeiras son sempre positivos e as limitacións detectadas ao proceso pódense acotar ou subsanar coas medidas que se propoñen.
- **Exclusión do proceso de reestruturación:** A área de exclusión proposta situada no norte da zona de reestruturación parcelaria ocupa unha extensión de 19,21 ha das cales 5,27 ha están ocupadas por hábitats de interese prioritario e comunitario: 0,63 ha de bosque aluvial (91E0*), 4,12 ha de carballeiras galaicoportuguesas (9230) e 0,52 ha de prado con molinias (6410). Tamén se conservan características sebes arbóreas e arbustivas de carballo e loureiro bordeando parcelas dun importante tamaño e o muíño de Pardiñas no Río das Penedas que aínda que non se atope en bo estado, forma parte do patrimonio etnográfico inventariado a protexer. Todo o anterior unido á proximidade do Castro da Croa, do cal a súa área de cautela ocupa parte da nosa zona de reestruturación parcelaria, fan aconsellable delimitar esta zona de exclusión.
- **Incorporación as masas comúns:** Como medida principal non ten encaixe na actual normativa que regula o proceso de reestruturación parcelaria en Galicia. A limitación na porcentaxe de deducións, e o feito de que suporía a preservación do solo, pero non da súa cobertura vexetal se non se complementa con outras medidas, limita a súa eficacia como medida preventiva de primeiro orde. Poderíase aplicar en casos illados de especial interese.



- **Adxudicación ao mesmo propietario ou creación de subperímetros:** En total vese afectada por esta medida unha superficie de 34,97 ha das cales 24,9 ha pertencen aos hábitats da directiva identificados no estudio de campo. Deste xeito a superficie ocupada por cada un deles é bosque aluvial 91EO* de 11,85 ha, carballeiras galaicoportuguesas (9230) de 12,36 ha e de prados con molinias (6410), 0,69 ha

0.6.2. MEDIDAS PREVENTIVAS

• FASE DE FORMULACIÓN

- **Eliminación de arboredo e vexetación natural:** Comunicaráselles aos propietarios a obriga de obter autorizacións para a corta de especies arbóreas, tanto da autoridade competente en materia forestal como do Servizo de Infraestruturas. A delegación provincial da Consellería de medio ambiente e desenvolvemento sostible, deberá vixiar para evitar a corta e venda de árbores a terceiros.
- **Novas roturacións:** Comunicaráselles aos propietarios a obriga de non realizar actuacións de laboreo que non estean baseadas nas necesidades da actividade agraria que exercen, e que teñan como obxectivo alterar a clasificación das terras durante o proceso de reestruturación.
- **Proliferación de peches de terreos e novas construcións:** Comunicaráselles aos propietarios a necesidade de obter, previamente a calquera actuación neste sentido, as preceptivas licencias e permisos pertinentes en cada caso.
- **Deseño da nova rede de camiños e drenaxes:** intentarase aproveitar ao máximo a rede de camiños existentes buscando o trazado que menos afecte aos valores ambientais relevantes. Primará tamén as necesidades de acceso a tódolos predios de substitución e o servizo ás explotacións existentes.
- **Deseño do novo parcelario:** as medidas a tomar van enfocadas á conservación na medida do posible dos factores ambientais máis importantes que se atopan nas parcelas de aportación como poden ser masas de frondosas ou lindes e sebes arbóreos.
- **Ordenación dos usos preferentes para a zona de reestruturación:** Establecerase unha ordenación de usos da zona de reestruturación, delimitando os usos agrícolas, forestais e outros a fin de evitar a forestación de zonas agrícolas, todo isto se levará a cabo a través do Plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, sen prexuízo de que existan outras figuras de planeamento.

• FASE DE EXECUCIÓN

- **Localización de instalacións, depósitos e zonas de provisión de materiais:** situación en zonas de escaso valor ambiental.



- **Mantemento de maquinaria e equipos:** os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria de obra realizaranse en talleres autorizados. Cando isto non sexa posible, estas tarefas realizaranse na zona destinada a parque de maquinaria, protexendo o solo con materiais impermeables e dispoñendo os medios necesarios para a recollida de posibles verteduras
 - **Tránsito e operación de maquinaria:** controlarase que a emisión de gases e rúidos seña a normal dunha maquinaria en bo estado e que esta afecte o menor posible á poboación e á fauna local, mediante a acotación das zonas de tránsito.
 - **Roza e limpeza:** a eliminación de vexetación axustarase ao estritamente necesario. So se eliminará a que ocupa o solo sobre o que se executa a obra definida no proxecto, tendo estas zonas ben acotadas.
 - **Movemento de terras. (Recheos, ensanches e acondicionamento de explanadas):** búscase facer unicamente o movemento de terras que sexa estritamente necesario, tomando as medidas necesarias para evitar a compactación e a contaminación e o arrastre de materiais aos cursos superficiais de auga.
 - **Materiais de obra:** Non se incluírá no proxecto a incorporación ou emprego de materiais tóxicos, tanto para os operarios como para o medio natural. De ser preciso o emprego de formigón, preverase o seu subministro en planta, restrinxíndose a súa elaboración na propia obra.
 - **Residuos:** Preveranse no proxecto as medidas oportunas para que os distintos residuos producidos se almacenen en condicións adecuadas de hixiene, seguridade e segregación, garantindo, en todo caso, que non se produzan afeccións ao ambiente. Preverase así mesmo, as alternativas de xestión dos residuos que se xeren, en función da súa natureza e conforme a lexislación vixente, primando a súa reciclaxe ou reutilización fronte á vertedura.
- **FASE DE EXPLOTACIÓN**


Nesta fase dase a circunstancia de que ten un horizonte temporal indefinido o que imposibilita a actuación das diferentes administracións implicadas a partir do momento en que os novos propietarios das parcelas de substitución tomen posesión das mesmas. Por este motivo a medida principal consiste en achegar información ao propietarios ao longo de todo o proceso informando dos usos permitidos e das limitacións que se presente en cada un dos casos.

0.6.3. MEDIDAS CORRECTORAS

- **FASE DE EXECUCIÓN:**
 - Nas zonas nas que se produza compactacións, procederase á descompactación do solo mediante un apeiro descompactador nos 10-40 cm superficiais do solo.



- No suposto de que se realicen voaduras, e os medios dispostos no proxecto de reestruturación, non impidisen a dispersión de anacos de rochas no entorno retiraranse da zona e depositaranse nas zonas previstas para elo.
- De xurdir afloramentos de augas subterráneas, serán conducidos a ceo aberto (sempre que as obras definitivas o permitan) cara ás correntes superficiais máis próximas.
- No suposto de que a execución da rede de camiños implique a xeración de noiros de desmonte e/ou terrapléns a medida que avanza a obra se non se produce unha revexetación natural procederase á súa estabilización e revexetación.
- Unha vez finalizadas as obras é obrigatorio limpar e acondicionar as zonas alteradas e os seus arredores, devolvéndos as ao seu estado inicial na medida do posible. Débese estender a capa superior de terra vexetal separada previamente na fase de execución das obras.
- Nas zonas de maquinaria procederase á limpeza e restauración do lugar onde se situou o parque de maquinaria e ao desmantelamento completo das instalacións complementarias. Unha vez concluído o uso destas zonas, levarase a cabo unha restauración fisiográfica dos terreos cara a unha morfoloxía suave de aspecto natural, que permita a integración en maior medida na paisaxe circundante. Procederase á descompactación e estendido da terra vexetal en instalacións auxiliares, procedéndose á súa vez á descompactación das zonas de provisión de terra vexetal, e finalmente, realizaranse sementeiras de herbáceas/arbustivas.
- As marxes dos camiños, e zona de manobra asociada ao proceso de execución, se non se produce unha revexetación natural, restauraranse con vexetación propia da Unidade Ambiental afectada.
- Para favorecer a rexeneración natural dos noiros dos foxos tras o acondicionamento dos camiños, o tratamento da capa superficial do terreo (15-30 cm), cargada dun considerable banco de sementes, debe ser tal que unha vez terminado o foxo, a terra dese primeiro horizonte se localice superficialmente, favorecendo deste modo a xerminación das sementes e a conseguinte invasión vexetal dun modo sinxelo e natural.
- En caso de realizar revexetacións co fin de restaurar o terreo, estas realizaranse sempre con especies propias da Unidade Ambiental circundante.
- Durante a fase de restauración non se empregarán fitosanitarios a non ser que sexa imprescindible, de ser necesaria a súa aplicación, esta será realizada por persoal especializado prestando especial atención as zonas próximas a cursos de auga.





0.7. PLAN DE VIXILANCIA AMBIENTAL

O obxectivo principal trata de establecer un sistema que garanta o cumprimento dos condicionantes e medidas preventivas e correctoras contidas no presente estudo, así como na resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental ou doutros organismos implicados. Cabe destacar a necesidade de facer un plan de vixilancia para cada unha das obras a executar, nas diferentes fases do proceso e todo isto mediante os correspondentes informes:

- Informe inicial: só se corresponde.
- Informes parciais: ao longo da execución das obras.
- Informe final.
- Informes especiais: se se dera algunha circunstancia extraordinaria.

O tipo de control a realizar será determinado pola posibilidade ou non de medición das variables que afectan aos diferentes factores ambientais. Ante a imposibilidade de medir determinadas variables, se fará unha análise visual.

➤ FASE DE FORMULACIÓN

No caso en que se detecten ou se informe de variacións nos factores ambientais, farase unha visita inicial previa ao inicio das obras á zona de reestruturación para realizar un informe previo que sirva como base para a comparación dos factores ambientais sen realizar o proxecto e máis tarde coas accións susceptibles de producir impactos. Se non se dera esta situación utilizarase o presente documento como punto de partida. Desta forma detectaranse as variacións nos indicadores provocadas exclusivamente polos efectos do proxecto.

➤ FASE DE EXECUCIÓN

- **Hidroloxía:** prestarase especial atención nas obras dos camiños que crucen algún curso de auga, xa que a incidencia será maior. A expensas do que diga o plan de obras, previsiblemente haberá nove puntos a ter en conta, un cruce no Río das Penedas, oito no Rego da Ponte Ribeira e tres no Rego dos Muíños de Cubo (camiños AC-06, AC-12, AC-16, AC-18, AC-22, AC-29, NA-09, NA-15, NA-17, e NA-14).
- **Xeomorfoloxía:** ao non existir pendentes elevadas en toda a zona de reestruturación, dito control se reducirá a zonas puntuais que poidan xurdir no desenrolo dos traballos.
- **Edafoloxía:** revisaranse os efectos sobre os solos prestando especial atención á capacidade de drenaxe, inversión de estratos, etc. Este control levarase a cabo mensualmente no radio de acción dos lugares onde haxa movemento de terras, vertedoiros e canteiras de extracción de áridos.
- **Aire:** haberá que prestar especial atención ás zona próximas aos núcleos de As Pardiñas, A Costa, O Outeiro, Labandeira de Arriba e de Abaixo, Blanca e A Calle, así como as estradas principais que dan acceso a estos. Estas son as zonas onde hai maior incidencia na calidade do aire.



- **Paisaxe:** este control levarase a cabo mensualmente en tódolos lugares con movemento de terras, vertedoiros e canteiras de extracción de áridos.
- **Vexetación:** haberá que prestar especial atención nas masas identificadas como carballeiras galaicoportuguesas e bosque aluvial (camiños AC-01, AC-02, AC-08, AC-11, AC-16, AC-18, AC-20, NA-12, NA-13, NA-16 e NA-17), (ver plano 09. Directrices ambientais e rede de camiños proposta).
- **Fauna:** este control levarase a cabo nas parcelas agrícolas de achega e cando se execute calquera obra na rede viaria a executar. Prestarase especial atención nas carballeiras galaicoportuguesas e nos bosques aluviais (camiños AC-01, AC-02, AC-08, AC-11, AC-16, AC-18, AC-20, NA-12, NA-13, NA-16 e NA-17). No caso do control da calidade das augas, prestarase especial atención ás obras dos camiños que crucen algún curso de auga, xa que a incidencia será maior. A expensas do que diga o plan de obras, previsiblemente haberá nove puntos a ter en conta, un cruce no Río das Penedas, oito no Rego da Ponte Ribeira e tres no Rego dos Muíños de Cubo (camiños AC-06, AC-12, AC-16, AC-18, AC-22, AC-29, NA-09, NA-15, NA-17, e NA-14).
- **Patrimonio cultural:** prestarase especial atención a aqueles elementos do patrimonio cultural nos que haxa obras planeadas nas súas áreas de protección, como son o castro de Outeiro (GA15059079), rueiro en Outeiro (ARCT-CT06) e vivenda en Senra II ARCT-CT09, todos eles identificados no Anexo I do presente documento.

➤ **FASE DE EXPLOTACIÓN**

- Descrición do estado final da zona de reestruturación parcelaria, con especial mención ás medidas de protección da vexetación e aos labores de restauración e integración paisaxística efectuados.
- Describíranse, así mesmo, de ser o caso, as variacións introducidas ao longo das obras respecto do proxectado, así como calquera outra incidencia ou imprevisto acontecidos e as solucións adoptadas.
- Incluírse unha reportaxe fotográfica que mostre os aspectos ambientais máis relevantes da actuación, así como o estado xeral da zona de reestruturación e das zonas onde se adoptaron medidas preventivas e correctoras, en especial as relativas aos elementos e áreas sensibles sinalados na planimetría deste documento ambiental. Nas fotografías indicárase a data e irán acompañadas dun plano de localización.



0.8. CONCLUSIONES

A CONCLUSIÓN DO PRESENTE ESTUDIO AMBIENTAL É QUE O PROCESO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA NA PARROQUIA DE POULO, PERTENCENTE AO CONCELLO ORDES (A CORUÑA), É VIABLE DENDE O PUNTO DE VISTA AMBIENTAL E AS ACTUACIÓNS DERIVADAS DO PROXECTO COMPATIBLES SEMPRE E CANDO SIGAN AS DIRECTRICES PROPOSTAS NO PRESENTE ESTUDIO.



RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO POLA QUE SE FORMULA O INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL PARA O PROXECTO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE POULO, NA PARROQUIA DE SAN XULIÁN DE POULO, NO CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA), PROMOVIDA POLA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO RURAL.(CLAVE DO EXPEDIENTE: 2018/0172).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, de 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe.

A Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental (BOE núm. 296, de 11 de decembro) establece, no artigo 7,2 que os proxectos incluídos no seu Anexo II, serán obxecto dunha avaliación de impacto ambiental simplificada na forma prevista na Sección 2ª do capítulo II (título II) de dita Lei.

O promotor inclúe o proxecto obxecto da presente resolución entre os incluídos no Anexo II, grupo 1 a "Proxectos de concentración parcelaria que non estean incluídos no Anexo 1 cando afecten a unha superficie maior de 100 ha." polo que de acordo co seu artigo 47, procede determinar se debe ou non, someterse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

1.-Obxecto do Proxecto; descrición, promotor e órgano substantivo.

1.1.-Obxecto do Proxecto.

O proxecto presentado consiste na reestruturación parcelaria da parroquia de San Xulián de Poulo, no concello de Ordes (A Coruña). Dita reestruturación parcelaria está dirixida a mellorar as condicións estruturais das explotacións agrarias da zona na que se executa, incrementando a súa produtividade.

1.2.-Descrición do proxecto:

1.2.1.-Localización.

O proxecto de reestruturación localízase na parroquia de San Xulián de Poulo e algunhas parcelas da parroquia de Santa María de Barbeiros; os lindes da zona de concentración son:

- Norte; parroquia de San Paio de Buscás.
- Sur; parroquia de Santaia de Pereira.
- Este; parroquia de Santa María de Barbeiros.
- Oeste; parroquia de Santa María de Ordes.

A superficie inicial de actuación é de 744,46 Ha, quedando excluída da zona de concentración parcelaria 19,11 ha que se corresponden con hábitats de interese prioritario e comunitario que inclúen bosques aluviais, carballeiras galaico-portuguesas e prados con molinias. Asemade, exclúese da actuación a zona de cautela do Castro da Croa.



O trazado total dos camiños propostos representan unha lonxitude de 22.835,48 m, dos cales 7.592,39 m correspondentes a camiños de nova apertura, e 15.243,09 m de camiños que discorren sobre camiños existentes, os cales precisan melloras do firme, e nos casos en que non teñan suficiente ancho, o ancheamento e apertura de cunetas.

1.2.2.-Accións do proceso da Concentración parcelaria.

As actuacións que leva consigo a concentración parcelaria en función da fase na que se encontre o proceso de concentración parcelaria son:

a) Fase de formulación: as accións que son susceptibles de producir impacto serían a planificación do novo viario, deseño de novas fincas, valoración e situación das novas fincas de substitución. Terase en conta a eliminación de pes arbóreos, o abandono da explotación do solo e a densificación da construción.

b) Fase de execución: as accións susceptibles de producir impacto son o replanteo e conformación de novas fincas de substitución, e a construción da rede de novos camiños de servizo e obras de infraestrutura.

Os efectos potenciais serían a perda de funcionalidade de lindes para a fauna, a desaparición de áreas comunais, efectos sobre a paisaxe e a vexetación, efectos sobre o patrimonio arqueolóxico, perturbacións a fauna e a poboación por emisións acústicas.

1.2.3.-Descrición do medio.

O clima de Ordes é cálido e temperado, a temperatura media é de 12,6°C, e a precipitación anual é de 1.317mm, sendo os meses máis secos os de xullo e agosto, coincidindo cos meses máis cálidos.

O relevo da zona está definido pola configuración do val do río Cabrón que define a orografía da parroquia que na súa metade é relativamente cha, no resto a zona é máis alta e de maiores pendentes.

A altitude está comprendida entre os 250 m e os 375 m, con unha elevación media de 310 m.

A maior parte da superficie atópase dentro das catro primeiras clases consideradas aptas para o cultivo. O 17,34% da superficie pertence á clase II formada por terreos capaces de soportar un laboreo continuado, o 56% dos terreos pertencen á clase III e son capaces de soportar un laboreo sistemático, o 21,51% pertence á clase IV que son terreos susceptibles de laboreo de forma ocasional. A zona caracterízase pola explotación agraria, con aproveitamento agrícola e gandeiro.

Hai que destacar o paso do Camiño de Santiago, en dirección N-S, pasando por varios núcleos da parroquia.

A rede hidrográfica está formada por numerosos ríos e regatos, entre eles os máis importantes son o Tambre e o Cabrón e o Lenguelle, a parte do río Cabrón que delimita a parroquia na parte oeste está incluída na rede de hábitats prioritarios da rede Natura 2000. Nesta zona atópanse plantacións forestais, e pastizais.

Na área inventariáronse un total de 66 especies de aves, 16 de mamíferos, 6 de anfibios, 5 de réptiles, e 4 especies de peixes.

Con respecto ao patrimonio histórico-artístico e cultural, identificáronse un total de 28 elementos entre arquitectónicos, etnográficos e xacementos arqueolóxicos.

1.3.-Promotor e órgano substantivo.

O promotor e órgano substantivo é a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.





Imaxe da zona de reestruturación parcelaria.



2.-Tramitación.

Unha vez recibido o documento ambiental, e en virtude do artigo 46 da Lei 21/2013, se realizaron as seguintes consultas.

Organismo	Recibido	Non recibido
Instituto de Estudos do Territorio.	X	
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	X	
Dirección Xeral de Patrimonio Natural	X	
Sociedade Galega de Historia Natural	X	
Augas de Galicia	X	
Concello de Ordes		X
Sociedade Galega de Ornitología		X
Consellería do Medio Rural		X
Sociedade Galega de Ornitología		X
S.X. Meteoroloxía e Cambio Climático		X

Así mesmo o documento ambiental estivo dispoñible para o público en xeral a través da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Durante este período non se recibiron alegacións.



Os organismos consultados informan o seguinte:

1.-O **Instituto de Estudos do Territorio** informa que o proxecto pode producir efectos significativos sobre a paisaxe, que se verán mitigados de adoptar as seguintes medidas:

- Restituír na medida do posible os muros de pedra que se atopan e manter os valados existentes apoiando un dos marxes dos camiños obre eles.
- Preservaranse as fontes, mananciais e outras pequenas láminas de auga permanente, integrándoas na nova estrutura parcelaria, sen que se vexa comprometida a súa viabilidade e o sistema de rega tradicionais, ademais das infraestruturas de paso de ríos e regatos así como as captacións de auga que presenten valor etnográfico.
- Empregaranse materiais da zona nos novos trazados dos camiños, evitando no posible, o uso de formigón ou firmes asfálticos.

2.-A **Dirección Xeral de Patrimonio Cultural** informa que o promotor do proxecto adoptou, como medida preventiva, a realización dunha prospección arqueolóxica do ámbito da zona de reestruturación parcelaria. O obxecto desta prospección é elaborar un catálogo dos bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polo proceso de concentración ou reestruturación parcelaria.

No documento ambiental inclúese unha descrición da rede de camiños proxectada. Non obstante, non se avalía na memoria arqueolóxica, o impacto que esta rede de camiños ocasionaría sobre os bens do catálogo.

Durante o proceso de reestruturación parcelaria poden ocasionarse impactos sobre o patrimonio cultural na fase de execución de obras (camiños principais e secundarios ou acceso a novos predios). Outra das afeccións a considerar, especialmente sobre bens arqueolóxicos, son os usos das novas fincas de reemprazo.

No ámbito desta consulta sobre a avaliación de impacto ambiental simplificada do proceso de reestruturación parcelaria, consideramos que é preciso que se informe ao promotor do proxecto dunha serie de recomendacións a ter en conta durante todo o proceso:

- A rede de camiños deberá apoiarse na medida do posible sobre os camiños rurais xa existentes, non atravesando as zonas de protección do patrimonio cultural salvo que sexa estritamente necesario e evitando os movementos de terras que supoñan unha variación significativa da topografía orixinal.
- No contorno dos bens declarados de interese cultural (BIC) deberase conservar a estrutura parcelaria e camiños existentes, co obxecto de non modificar a paisaxe que a arrodea.
- As trazas dos novos camiños buscarán respectar a vexetación de bordo dos camiños antigos cando coincidan en traza, mantendo cando menos un bordo do camiño vello coa vexetación existente e os muros de pedra.
- Os camiños que rematen nos núcleos tradicionais deberán ir reducindo o seu ancho a medida que se achegan a eles, progresivamente ata acadar o ancho do camiño no que desembocan, evitando transicións bruscas entre anchos, xa que logo no interior destes núcleos os vias son, normalmente, moito máis estreitos.
- Respecto ao deseño do novo parcelario, deberase prever o seu axuste o máis posible ao existente nas áreas de protección dos elementos do patrimonio cultural, permitindo agrupar parcelas de reducida extensión para unificar e facilitar o cultivo, pero sen introducir novas liñas, alleas ás existentes, que desfiguren o carácter tradicional destas áreas.





- Asemade, o deseño das futuras fincas deberá ser coherente coa preservación dos camiños tradicionais e corredoiras que se identifiquen no estudo do patrimonio cultural, e que non estean incluídas na rede de camiños principais, de xeito que podan seguir en uso ou dar acceso ás parcelas.
- Tendo en conta que a paisaxe tradicional está caracterizada pola abundancia de valos artesanais de pedra que delimitan as actuais fincas e camiños, así como de lindes vexetais formados por ringleiras de árbores e/ou arbustos, sería axeitado que estes se tiveran en conta no deseño das futuras parcelas co fin de facer coincidir, na medida do posible, os antigos e os novos lindeiros de fincas e así conservar estes elementos tan característicos desta paisaxe galega. Os elementos de valor etnográfico e cultural que por forza haxa que retirar, deberán ser obxecto de recuperación, desmontándoos e aproveitándoos para definir as novas fincas.
- Recomendamos que os xacementos arqueolóxicos de maior extensión se incorporen a unha masa común.
- Elementos etnográficos de uso público como pontellas, fontes, pozas de rego, cruceiros, etc..., deberán quedar en zonas exentas de reparcelación e garantir o seu acceso.
- Respecto ao Camiño de Santiago, recoméndase o emprego da Guía de boas prácticas para as actuacións nos camiños de Santiago, publicada pola Xunta de Galicia no ano 2016, que conta cun apartado sobre criterios a aplicar para minimizar as afeccións que se producen nos procesos de concentración parcelaria.

De acordo co artigo 34 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92 do 16.05.2016) os proxectos de obras que se desenvolvan no ámbito do proceso de concentración ou reestruturación parcelaria, deben de ser informados pola consellería con competencias en materia de cultura.

Aos efectos de autorización ou informe do proxecto de obras (camiños principais e secundarios e de ser o caso obras de acondicionamento de fincas ou acceso a predios), o promotor achegará xunto co proxecto construtivo (en soporte dixital), unha avaliación do impacto do proxecto sobre o patrimonio cultural cun catálogo de bens culturais, elaborado en base aos resultados da prospección arqueolóxica.

O catálogo debe de contar cunha ficha individualizada de cada un dos bens que conterà, a lo menos, a seguinte información:

- Identificación do ben: nome, concello, parroquia, lugar
- Réxime xurídico do ben (BIC, catálogo ou censo)
- Referencia a coordenadas UTM e o ETRS 89 (fuso 29)
- Representación gráfica, a escala 1:5.000, de cada un dos bens na cartografía catastral, nos planos topográficos e na ortofotografía. As tramas a empregar ou capas non deben ocultar a información do estado actual de embaixo
- Fotografías do elemento Debe de sinalarse na planimetría o lugar desde o que se tomaron as fotografías
- O ámbito de ocupación dos bens culturais debe de representarse nos planos parcelarios, topográficos e na ortofotografía. A escala de representación recomendada nos planos xerais é 1:5.000



- Para a delimitación do ámbito de ocupación de cada un dos bens (especialmente no caso dos de carácter arqueolóxico) e do seu contorno de protección, ademais do traballo de campo, deben de empregarse as diferentes ferramentas e visores do IET.
- Ademais debe de incorporarse a delimitación que figura no PXOM. No caso de que o concello non conte cunha figura de planeamento na que se representen os bens culturais, incluírase a delimitación que figura no Plan básico autonómico.
- Relación das parcelas catastrais nas que se localiza o ben e o seu contorno de protección.

A realización de novas pistas, así como a ampliación de pistas existentes, a eliminación de elementos lineais que configuran a paisaxe e a modificación do relevo natural nas áreas de protección dos elementos do Patrimonio Cultural, terá carácter excepcional e, en todo caso requirirá a elaboración dun estudo de detalle do entorno do elemento afectando. Este documento deberá incluír, ademais da información da ficha do catálogo, a seguinte:

- Fotografías do elemento e da zona na que se van executar as obras. Debe de sinalarse na planimetría o lugar desde o que se tomaron as fotografías.
- Especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto.
- Planimetría de detalle sinalando as distancias reais das obras aos elementos do patrimonio cultural. Aportaranse seccións transversais dos novos camiños onde se reflicta a relación co elemento, sinalando a rasante actual e a proposta. No caso de acondicionamento de camiños existentes sinalarase o estado actual e a proposta de obra e aportaranse fotos do estado actual dos camiños.
- Valoración das afeccións reais e proposta de medidas protectoras e correctoras.

En base ao desenvolvemento dos traballos a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

3.-A **Dirección Xeral de Patrimonio Natural** informa que a superficie ocupada polo proxecto de reestruturación parcelaria de Poulo, concello de Ordes, A Coruña esta afecta na súa zona oeste e area de influencia polo ZEC Rio Tambre (ES 1110016) e pola Zona de Especial Protección dos Valores Naturais Rio Tambre (110071); A superficie afecta da ZEC Rio Tambre esta cartografada como Zona 2: Area de Conservación (Aproveitamento ordenado dos recursos naturais); asociado a ZEC Rio Tambre e ZEPVN Rio Tambre aparecen representadas as seguintes unidades ambientais: UA220 Augas correntes, UA260 Bosques húmidos, UA420 Bosques de carballos caducifolios, UA530 Mosaico rural con campos sen sebes, UA532 Mosaico rural con campos rodeados de sebes arbóreas, UA630 Piñeirais e UA810 Núcleos de poboación.

Asociados a estas unidades ambientais aparecen recollidos os seguintes hábitats de interese comunitario incluídos no Anexo 1 da Lei 42/2007, do 13 decembro co código: 3260, 4030, 6410, 6430, 91E0* e 9230.

Sobre cartografía e documentación deste servizo provincial, aparecen inventariadas especies catalogadas incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, Directiva 92/43/CEE e/ou na Directiva 2009/147/CE (apartado "6.e" do informe técnico). En visita de campo dos Axentes Facultativos Medioambientais, indicase a presenza da especie de flora *Narcissus cyclamineus*, sobre os prados próximos ao río Cabrón, Rede Natura 2000, catalogada como vulnerable, no Catalogo galego de especies ameazadas. Moitas das especies inventariadas en cartografía foron constatadas sobre o terreo no inventario de flora e fauna (anexo II da documentación achegada).

O proxecto non afecta a ningunha arbore ou formación senlleira incluída no Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 67/2007, de 22 de marzo, polo que se regula o Catalogo galego de árbores senlleiras.





Na documentación dixital asociada ao expediente VNCO/064/1 8, presentase unha memoria e síntese do documento ambiental da zona de reestruturación parcelaria de Poulo, que non esta asinada por ningún técnico, sendo contrario ao recollido no artigo 16.1 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Segundo o artigo "35.c" da citada lei (21/2013, de 9 de decembro) e considerando que o proxecto pode afectar directa ou indirectamente ao espazo Rede Natura 2000: ZEC Rio Tambre, debera incluírse un apartado específico para a avaliación das súas repercusión no lugar, tendo en conta os obxectivos de conservación do espazo recollidos no Decreto 37/2014, do 27 de marzo.

Para a análise e avaliación ambiental do proxecto en relación a Rede Natura 2000, deberan empregarse como unidades ambientais, aquelas que o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia (Decreto 37/2014, do 27 de marzo) delimitou sobre a superficie que inclúe o proxecto de reestruturación parcelaria, as cales poden descargarse na paxina web: <https://mapas.xunta.es/visores/conservaciondanatureza/>

No documento ambiental achegado (paxina nº 55 e 56, apartado 3.1.2.4) en canto a conservación dos hábitats de interese comunitario, debera facer referencia a normativa recollida na Lei 42/2007, do 13 decembro, de patrimonio natural e biodiversidade, (modificada pola Lei 33/2015, de 21 de setembro) que traspón a Directiva 92/43/CEE do 21 de maio, relativa a conservación dos hábitats naturais e da fauna e da flora silvestre, e non ao Real Decreto 1193/1988, do 12 de xuño, que modifica ao Real Decreto 1997/1995, de 7 de febreiro. Ademais indicase no mesmo apartado do documento, que para a obtención dos hábitats de interese comunitario, empregouse a base de datos do Ministerio de Medio Ambiente, que se considera aos efectos de estudar as afeccións directas e indirectas do proxecto sobre os hábitats de interese comunitario da ZEC Rio Tambre e daqueles asociados a este espazo, con menor rigor que os dispoñibles na paxina da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ou na paxina web [https://maDas.xunta.es/visores/conservación da natureza](https://maDas.xunta.es/visores/conservacion%20da%20natureza). En base ao anterior, deberan empregarse para realizar a avaliación dos efectos do proxecto sobre os hábitats de interese comunitario aqueles que constan na cartografía da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no que se refire a súa afección sobre a Rede Natura 2000.

Referente a protección dos hábitats de interese comunitario no ámbito do proxecto, será de aplicación o artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 decembro, de patrimonio natural e biodiversidade, (modificada pola Lei 33/2015, de 21 de setembro), así como todas as afeccións de conservación dos hábitats de interese comunitario do Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.

Na memoria ambiental, deberían mellorarse os contidos do apartado 3.1.2.5, en base ao anexo II presentado, recollendo nel as medidas de conservación dos diferentes grupos de fauna e flora catalogada que se indican e considerando no estudo de impacto ambiental a protección proposta dos hábitats das especies catalogadas. Neste apartado debera modificar a protección do acivro (*Ilex aquifolium*, L., Orde do 10 de decembro de 1984), a cal non esta vixente na actualidade por estar derogada polo Decreto 11/2018, do 18 de xaneiro.

A inclusión das unidades ambientais do Decreto 37/2014, do 27 de marzo asociadas a ZEC Rio Tambre sobre as que se localizan hábitats de interese comunitario, implicaran modificación sobre o documento ambiental, debendo volver a realizar a avaliación segundo o apartado d) do artigo 45 da Lei 21/2013 de 9 de decembro, de Avaliación Ambiental, podendo dar lugar unha nova proposta de exclusión do proceso de reestruturación.

A conservación das sebes e peches de pedra antigos presentes sobre a superficie do proxecto e de grande relevancia ecolóxica, motivo polo que debera determinarse o grado de conservación destas dentro do proxecto, debendo cuantificarse con unidades de medición. Naquelas zonas que sexa estritamente necesaria a súa eliminación deberan contemplarse medidas de reposición. A este respecto e co fin de minorar a afeccións sobre



as sebes, deberan adaptarse os lindeiros existentes das parcelas actuais coa proposta de parcelario definitivo. O seguimento de afección as sebes debera estar recollido dentro do programa de vixilancia ambiental.

Nas obras relacionadas con camiños (tanto de mellora como de nova creación) evitanse as afeccións sobre hábitats de interese comunitario recollidos no Anexo 1 da Lei 42/2007, do 13 decembro, de patrimonio natural e biodiversidade, sobre hábitats de especies de interese para a conservación e sobre especies catalogadas de interese para a conservación recollidas no Decreto 88/2007 do 19 de abril polo que se regula o Catalogo galego de especies ameazadas, na Directiva 92/43/CEE e/ou na Directiva 2009/147/CE. Deberan terse en conta todas aquelas medidas necesarias para non afectar a hidroloxía do ámbito do proxecto.

Deberan contemplarse medidas eficaces que eviten procesos erosivos que puidesen producirse na realización do proxecto. Tendo en conta que este tipo de proxectos leva implícito movementos de terras, debera recollese na documentación ambiental a posibilidade de introdución ou dispersión de especies exóticas invasoras recollidas no Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, polo que se regula o Catalogo español de especies exóticas invasoras, e establecer medidas que eviten calquera posibilidade de introdución ou dispersión de especies exóticas invasoras, debendo tamén estar recollido dentro do Programa de vixilancia ambiental. No caso de observarse dentro do programa de vixilancia ambiental a introdución ou dispersión de especies exóticas invasoras das recollidas no Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, procederase ao seu control e eliminación de xeito efectivo, seguindo o protocolo de eliminación para cada especie.

Na comunicación que se realice aos propietarios sobre peches de parcelas, debera incidirse na importancia da súa permeabilidade no medio, así como de cumprir a normativa de afección en vigor en cada caso

4.-A **Sociedade Galega de Historia Natural** solicita que o proceso de concentración parcelaria contemple obrigatoriamente o seguinte:

- Zonas de especial Conservación, Zonas de especial Protección para as aves, Zonas de especial protección dos Valores Naturais, e áreas de protección de bens do patrimonio cultural.
- A preservación de masas e sebes de árbores e arbustos autóctonos.
- A preservación de canles fluviais, zonas asolagables e os prados de sega.
- A inclusión só das terras agrícolas de calidade: clases agrolóxicas I a IV, só excepcionalmente a clase V se son áreas pequenas (<5 ha) mesturadas entre as de clase I a IV.
- A avaliación con exactitude da produtividade das terras antes da concentración parcelaria, en termos económicos e agrícolas.
- O establecemento con claridade dos obxectivos que se pretenden acadar coa concentración parcelaria: demográficos, en termos de fixación ou incremento da poboación rural, e de produtividade, en termos económicos e agrícolas.

5.-**Augas de Galicia** informa que vista a documentación aportada en relación ó “Reestruturación parcelaria de Poulo” infórmase que a documentación conta, en termos xerais, cun nivel de definición axeitado os seus obxectivos. Non entanto, para evitar que se produza un impacto ambiental significativo ó dominio público hidráulico, deberanse ter en conta todas as seguintes consideracións.

- **Rede fluvial**

O ámbito de estudo atópase dentro do sistema de explotación Nº 06: “**RÍO TAMBRE E RÍA DE MUROS E NOIA**”.





Consultado o visor IDE de Augas de Galicia existen no ámbito da actuación os seguintes ríos codificados no Plan Hidrolóxico Galicia–Costa (conca de aportación superior a 1km²) con categoría de masa de auga superficial:

- Río Cabrón (*cod masa* ES.014.NR.204.038.11.01).
- Rego Ponte Ribeira (*cod masa* ES.014.NR.204.038.13.00).

Existen tamén no ámbito da actuación e na súa contorna os seguintes ríos que, sen ter categoría de masa de auga superficial, tamén están codificados no Plan Hidrolóxico Galicia–Costa (conca de aportación superior a 1km²) e atópanse referidos no visor IDE de Augas de Galicia dentro da capa *Rede fluvial detalle*:

- Rego de O Cabo (*cod rio ph* 2040381105)
- Rego de as Penedas (*cod rio ph* 20403811051)
- (Carballedo) (*cod rio ph* 204038110511)
- (Coruxo) (*cod rio ph* 20403811071)

Nesta mesma capa Rede Fluvial detalle do visor ID de Augas de Galicia tamén aparece reflexado dentro do ámbito outro oito río innominado tributario do referido RIO CABRÓN.

A información relativa á rede fluvial, pódese consultar e contrastar na páxina web de Augas de Galicia, <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>.

Cómpre sinalar que no caso de que existan outros cursos fluviais ou calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico, seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas, tendo plena vixencia as prescricións establecidas para o dominio público hidráulico.

Destacar en todo caso, que a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude, con independencia da clasificación do solo e con independencia de que estean ou non grafados nos planos de ordenación. Segundo o establecido no artigo 9.4, 78 e 126 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico (RDPH) calquera actuación Dominio Público Hidráulico ou nas súas zonas de protección precisará autorización administrativa do organismo de conca independente doutra que teña que ser outorgada por outro organismo da Administración. Neste momento procedemental analizarase en detalle a actuación, establecéndose todos os condicionantes e prescricións oportunos para o seu desenvolvemento.

Na documentación aportada reflíctese a rede fluvial da zona afectada pola reestruturación, e mesmo se delimita a denominada *unidade ambiental UA1: Ríos e vexetación ripícola* vinculada o sistema fluvial e a súa vexetación asociada, no entanto, en relación co referido no parágrafo anterior tamén cumpre reflexar nos planos da documentación as zonas de protección, servidume e policía, cando menos de tódolos ríos referidos anteriormente como codificados no Plan Hidrolóxico Galicia–Costa.

Evitarase, en todo caso, a modificación de calquera das canles afectadas pola reestruturación, así como o encanamento, aínda parcial, do curso de calquera manancial que poida existir na zona das actuacións.

- **Zonas protexidas**



No ámbito da actuación e na súa contorna atópase as seguintes zonas protexidas incluídas no Catálogo de Zonas Protexidas do Plan Hidrolóxico Galicia Costa (PHGC), aprobado polo Real Decreto 11/2016, do 08 de xaneiro (codificadas segundo o visor IDE de Augas de Galicia):

-PHGC2015-2021 Z. Protex. N. Europeo

- ZEC: RUo Tambre (*euzprotcod* ES014ZECES1110016)

PHGC2015-2021 Z. Protex. N. Estatal Aut.

- ZEPVN: RSo Tambre (*euzprotcod* ES014ENPR110071)

PHGC2015-2021 Z. Protex. PHGC

- Captación para abastecemento humano: TRABES (*euzprotcod* ES014ZCCM000001215); BRAÑON (*euzprotcod* ES014ZCCM000003132); LABANDEIRA DE ABAIXO (*euzprotcod* ES014CACH000001237); CALLE (*euzprotcod* ES014CACH000001236)

A información relativa ás zonas protexidas pódese consultar na páxina web de Augas de Galicia, <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>.

Deberase ter en conta a existencia no ámbito da actuación e na súa contorna das zonas protexidas referidas, especialmente adoitando as medidas precisas para a súa preservación e no seu caso, contar coas autorizacións correspondentes.

En todo caso, deberase ter en conta a presenza de humidais ou outras zonas húmidas no desenvolvemento da actuación, adoitando as medidas precisas para a súa preservación e no seu caso, contar coas autorizacións correspondentes.

- **Zonas inundables**

Son zonas inundables, segundo o artigo 26 do PHGC, as delimitadas polos niveis teóricos que acadarían as augas nas enchentes de período estatístico de retorno de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas destas. Segundo o artigo 14 do RDPH, -tendo en conta a súa modificación operada polo Real Decreto 638/2016 (Boletín Oficial do estado do 29 de decembro)-, estes terreos cumpren labores de retención ou alivio dos fluxos de auga e carga sólida transportada durante as ditas enchentes ou de resguardo contra a erosión. Estas zonas declararanse nos lagos, lagoas, embalses, ríos ou regos.

Ademais, cómpre ter en conta que a cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade demanial dos terreos.

A zona de fluxo preferente, segundo o definido no artigo 27 do PHGC e no 9 do RDPH, é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a avenida de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as dúas zonas.

As inundacións producidas polas crecidas non ordinarias considéranse un fenómeno natural aleatorio de ocorrencia periódica, de intensidade e magnitude non previsible polo que teñen a consideración, no caso de producirse, de forza maior (Artigo 41 PHGC).

Para as zonas de fluxo preferente e as zonas inundables deberanse de respectar e recoller expresamente as prescricións recollidas do capítulo VII da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia – Costa (Art. 26 – 41)





Protección contra as inundacións. Deste xeito, segundo o artigo 30 “Contido dos instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico” deberanse incorporar á documentación do instrumento de planificación de carácter territorial ou urbanístico, naquelas zonas afectadas por Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSIs), a seguinte documentación:

- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas inundables.
- Planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, as zonas de fluxo preferente.

Cabe destacar o seguinte:

- No artigo 33 do PHGC recóllense as condicións nas que a Administración Hidráulica de Galicia poderá outorgar as autorizacións nas zonas inundables dentro da zona de policía.
- No artigo 34 do PHGC indícanse unha serie de limitacións de usos para a zona de fluxo preferente. Deste xeito, segundo ese artigo, con carácter xeral non se autorizarán nesta zona unha serie de actividades (acampadas ou instalacións destinadas a este fin; a realización de construcións destinadas a vivendas; a execución de instalacións industriais ou edificacións nas que habitualmente haxa presenza de persoas; a construción de cerramentos e valados que non sexan permeables; a realización de recheos ou amoreamentos de materiais de calquera tipo que provoquen unha redución significativa da vía de intenso desaugamento; execución de infraestruturas lineais deseñadas de modo tendente ó paralelismo coa canle, coa excepción das de saneamento, abastecemento e outras canalizacións subterráneas que en todo caso, salvo en zonas puntuais en que non exista solución viable, deberán situarse fóra da zona de servidume).

Do mesmo xeito cabe destacar que para obter a autorización de realización de calquera actividade na zona de fluxo preferente deberase achegar o seguinte: xustificación de que non se modifica de xeito significativo a zona de fluxo preferente, a zona inundable ou o réxime das correntes; xustificación da compatibilidade cos criterios e medidas preventivas que se establezan, se é o caso, no Plan de Xestión do Risco de Inundación; e declaración xurada do solicitante no que exprese que coñece e asume o risco asociado ó desenvolvemento da actividade na zona de fluxo preferente e as medidas de protección civil aplicables.

Asemade, deberanse ter en conta as prescricións recollidas nos artigos 9 e 14 do RDPH, coas súas modificacións introducidas polo RD 638/2016. Tamén, -tendo en conta a modificación operada polo dito Real Decreto 638/2016-, deberase atender ó establecido nos novos artigos que se incorporan ó RDPH: 9bis, relativo ás *Limitacións de usos na zona de fluxo preferente no solo rural*; 9ter, que regula as condicións nas que se poden autorizar as *Obras e construcións na zona de fluxo preferente en solos en situación básica de solo urbanizado*; 9quater, que establece un *Réxime especial en municipios con máis de 1/3 da súa superficie incluída na zona de fluxo preferente*; 14bis, no que se establecen as *Limitacións de usos do solo na zona inundable*.

No artigo 9bis.3 recóllese expresamente que toda actuación na zona de fluxo preferente deberá contar cunha declaración responsable, presentada ante a Administración Hidráulica competente e integrada, no seu caso, na documentación do expediente de autorización, na que o promotor exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de protección civil aplicables ó caso, comprometéndose a trasladar esa información ós posibles afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno aplicar para a súa protección. A dita declaración será independente de calquera autorización ou acto de intervención administrativa que teña que ser outorgada polos distintos órganos



das Administracións públicas, con sometemento, ó menos, ás limitacións de usos que se establecen no artigo 9bis. En particular, estas actuacións deberán contar con carácter previo á súa realización, segundo proceda, coa autorización na zona de policía ou co informe da Administración Hidráulica. A declaración responsable deberá presentarse ante a Administración Hidráulica cunha antelación mínima dun mes antes do inicio da actividade nos casos nos que non fose incluída nun expediente de autorización.

Nos artigos 9ter e 9quater, engádesse que, ademais do esixido no artigo 9bis.3, con carácter previo ó inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona de fluxo preferente.

No artigo 14bis.3, establécese que, nas zonas inundables, as administracións competentes fomentarán a adopción de medidas de diminución da vulnerabilidade e autoprotección.

Ademais, o promotor deberá subscribir unha declaración responsable na que exprese claramente que coñece e asume o risco existente e as medidas de autoprotección aplicables ó caso, comprometéndose a trasladar esta información ós posible afectados, con independencia das medidas complementarias que estime oportuno adoitar para a súa protección. No artigo 14bis. 4, engádesse que, con carácter previo ó inicio das obras, o promotor deberá dispoñer do certificado do Rexistro da Propiedade no que se acredite que existe anotación rexistral indicando que a construción se atopa en zona inundable.

O artigo 11 do Real decreto Legislativo 1/2001, establece que os organismos de conca darán traslado ás Administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo, e en particular, nas autorizacións de usos que se acordan en zonas inundables.

Na páxina web de Augas de Galicia, <http://visorgis.cmati.xunta.es/dhgc/>, pódese consultar e descargar as ARPSIs (Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundación), as manchas de inundación asociadas a distintos períodos de retorno e as zonas de fluxo preferente.

A contorna do ámbito de actuación está afectada pola seguinte zona ARPSI, denominada segundo a codificación do visor IDE de Augas de Galicia:

D2007/60 Mapas Inundables Fluviais ciclo 2015-2021

- ARPSIs fluviais MAPRI: REGO DE A FRAGA OU MERCURIN (*id tramo* ES014-CO-06-04-31-01)

En relación coa súa afección sobre o proxecto, as superficies sobre as que se executan as actuacións proxectadas non se atopan incluídas dentro da Zona de Fluxo Preferente (ZFP) nin dentro da Zona Inundable (ZI) da referida ARPSI.

- **Abastecemento**

Na documentación aportada non se reflicte a execución de ningún tipo de instalación de abastecemento de auga, non entanto, como medida preventiva na fase de execución no relativo ó movemento de terras, refírese a humectación da carga dos camións cando esta poida xerar po. Ó respecto destas augas non se aporta ningún tipo de información, debéndose por en claro, cando menos, a súa procedencia e a previsión de volumes a utilizar.

Recórdase en todo caso, que calquera aproveitamento de augas requirirá a súa inscrición no Libro de Rexistro de Augas como uso privativo por disposición legal ou concesión administrativa, segundo o establecido nos artigos 54 e 59 do TRLA. A inscrición deberá realizarse antes da posta en funcionamento das instalacións.

- **Aproveitamentos hídricos**





Na documentación aportada non se fai referencia a afeccións a captacións de auga. Consultado o Libro de Rexistro de Augas de Galicia, e **salvo erro ou omisión**, constan, as seguintes captacións inscritas no ámbito da actuación e na súa contorna:

CLAVE	TITULAR	COORDENADA X	COORDENADA Y
DH.B15.24387	PARTICULAR	550548	4767841
DH.A15.21550	COMUNIDADE DE USUARIOS	551256	4768452
DH.A15.21550	COMUNIDADE DE USUARIOS	551276	4768532
DH.A15.27929	PARTICULAR	552155	4770292
DH.A15.27929	PARTICULAR	552157	4770294
DH.A15.29053	PARTICULAR	551789	4769223
DH.A15.29689	PARTICULAR	550461	4767562

No caso de afectar a algunha captación de augas inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto obxecto de estudo, deberase contemplar a súa reposición.

O artigo 143 do Regulamento do dominio público hidráulico establece que toda modificación das características dunha concesión requirirá autorización administrativa previa do mesmo órgano outorgante e nos seguintes artigos detállase a tramitación das variacións de características consideradas como esenciais, como pode ser o cambio de punto de captación.

Consecuentemente co indicado no parágrafo anterior, o titular dos traballos deberá elaborar e facilitar ós afectados por esas reposicións toda a documentación necesaria para a tramitación da modificación da correspondente concesión.

- **Criterios técnicos a ter en conta para a actuación proposta**

Cumple facer as seguintes consideracións técnicas, o respecto da documentación aportada, para garantir en todo momento a non afección ó medio hídrico:

- No relativo á rede de camiños:

- Para minimizar as afeccións ó medio hídrico pola construción dos camiños, estes executaranse evitando no seu trazado discorrer por zonas inundables e asegurando que non alteren de forma substancial as escorrentas producidas, respectando as distintas conchas vertentes ás valgadas para non producir sobreelevacións pola incorporación de novos caudais procedentes doutras zonas. Deste xeito, no referente as obras de drenaxe, estas non poderán engadir a unha vagada áreas vertentes superiores en máis dun 10% á superficie da concha propia.
- No caso de pretender executar cunetas sobre terreos susceptibles de ser erosionados polo discorrer das augas, procederase o seu formigonado. Ademais, levarase a cabo un axeitado mantemento das mesmas debendo impedirse a proliferación de vexetación ou sedimentos que impidan o discorrer normal das augas.
- A reincorporación das augas interceptadas polas obras de drenaxe ó medio receptor deberá ser gradual, debéndose implantar as medidas oportunas a tal efecto, como por exemplo a disposición no punto de incorporación de sistemas protectores e/ou de disipación de



enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materias, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de evacuación das augas.

- Deberá evitarse calquera actuación que afecte á capacidade hidráulica das canles. Neste sentido, deberán reflexarse na documentación todos os cruzamentos cos ríos dos camiños propostos, que serán definidos segundo a Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia–Costa, *Artigo 36. Obras de paso de infraestruturas de transporte*, e segundo o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, *Artigo 126 ter. Criterios de deseño e conservación para obras de protección, modificacións nas canles e obras de paso*; tanto para os camiños de nova apertura como para os camiños a acondicionar.
- En caso de xerarse excedentes de terras depositaranse de forma que, ademais de non ocupar as zonas de servidume dos cursos fluviais e de non interferir na rede natural de drenaxe, non afecten a continuidade lateral entre os leitos e as súas zonas de inundación. Dada a proximidade de moitos dos camiños as canles existentes e dado que os movementos de terras que se executen por mor da súa construción poden derivar en procesos de arrastre de materiais, deberá contemplarse no proxecto a implantación de medidas preventivas de protección das augas, tales como barreiras de retención de sedimentos ou balsas de decantación, para evitar a súa incorporación á rede fluvial.
- En todo caso, deberán limitarse no posible as actividades construtivas nas zonas próximas os ríos nos períodos de máxima choiva.

No relativo ás actividades de plantación:

- Nas zonas de servidume poderase libremente sementar e plantar especies non arbóreas, sempre que non deteriorenen o ecosistema fluvial ou impidan o paso público peonil e para o desenvolvemento dos servizos de vixilancia, conservación e salvamento.
- No caso de aplicacións de fertilizantes en terras próximas a cursos de auga, seguiranse as recomendacións a tal efecto recollidas no Código Galego de Boas Prácticas agrarias.

No relativo as operacións de tala:

- Con carácter xeral, evitárase a tala de especies arbóreas de ribeira nas zonas de servidume.
- Adoptaranse as medidas necesarias que garantan a estabilización de forma adecuada dos solos alterados tanto pola propia tala como polo tránsito de maquinaria necesaria para a tala e transporte, evitando a erosión e posible arrastre de materiais que se puideran incorporar os leitos, con especial atención a talas de grandes superficies ou en terreos de forte pendente.
- Non se poderán utilizar as marxes ou ribeiras dos leitos como depósito de materiais, parques de maquinaria, lavados e, en xeral todas cantas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.
- Non se depositarán restos da corta nin no leito da canle, nin nas súas zonas de servidume, zonas inundables e en xeral na zona de policía.
- Durante a corta, unicamente se poderá amorear temporalmente a madeira en zona de policía, fóra da zona inundable, cando non exista outro lugar para o seu acopio.
- Rematada a corta procederáse, inmediatamente, á limpeza e retirada dos restos e á rehabilitación das zonas que de dalgún xeito sufriran algunha degradación (tránsito de maquinaria).
- Dada a especial fragilidade das nacentes dos cursos fluviais, nestas zonas deberá confirmarse expresamente a non existencia de zonas húmidas (zonas de braña, turba,





matos húmidos, etc.), que de estar presentes deberán ser obxecto dun tratamento especial de cara á súa protección.

- **Verteduras.**

Calquera vertido ó Dominio Público Hidráulico deberá contar coa preceptiva autorización deste organismo de conca. A consideración como vertido establecerase segundo ó disposto no artigo 245 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RDPH).

3.-Análise segundo os criterios do Anexo III.

3.1.-Características do proxecto.

1. O proxecto consiste na execución da reestruturación parcelaria da meirande parte da parroquia de Poulo, no concello de Ordes (A Coruña).
2. O proxecto atópase nunha primeira fase de desenvolvemento, nesta fase avalíanse todos aqueles aspectos do proxecto susceptibles de afectar ao medio ambiente.

3.2.-Emprazamento do proxecto.

1. O proxecto desenvolverase sobre 744 ha da parroquia de San Xulián de Poulo e algunhas parcelas da parroquia de Santa María de Barbeiros. Excluíranse do proceso de concentración os hábitats de interese prioritario e comunitario e a zona de cautela do Castro da Croa.
2. O proxecto tamén inclúe a apertura de 7,59 km de camiños e o amaño de 15,24 km de camiños existentes.
3. O límite oeste da zona de reestruturación parcelaria pertencente á parroquia de Poulo e que limita co Río Cabrón, pertence a ZEPVN-LIC/Río Tambre (ES1110016).

3.3.-Características do potencial impacto.

1. En relación aos potenciais impactos cabe subliñar que os organismos consultados informan favorablemente o proxecto, impoñendo as medidas que consideran oportunas para salvagardar os valores naturais da zona englobada polo proxecto.
2. En relación co punto anterior, compre subliñar, que dado que o proxecto aínda está en fase de formulación é doado poñer en valor todas as medidas de control e seguimento propostas polos informantes; e corrixir dende o primeiro intre todas as desviacións ambientais da actuación.
3. O proxecto propiciará un desenvolvemento sostible da zona de actuación, unha maior conectividade entre as zonas habitacionais e as zonas de produción, e maior eficacia na actividade agrícola na zona.
4. Unha maior definición entre as zonas agrícolas e as forestais permitira un mellor aproveitamento da primeira e unha mellor xestión da segunda, o que redundará nunha diminución do risco dos incendios asociados ao abandono.



4.-Condicións ambientais.

Para todo o contido deste informe no proceso de concentración se terán en conta as seguintes fases:

a) Fase de formulación, na que se realizaran os seguintes documentos:

1. -Respecto da distribución das parcelas: o Proxecto e o acordo de concentración parcelaria.
2. -Respecto da execución de obras: o Proxecto de Rede de Camiños e Obras inherentes á concentración, Proxecto de Acondicionamento de Fincas e outros Proxectos de Obras Complementarias.

b) Fase de execución, terá os seguintes fitos:

1. Replanteo e conformación de novas fincas de substitución.
2. Construción da rede de novos camiños de servizo.
3. Obras de infraestruturas.
4. Mellora de infraestruturas de drenaxe.

c) Fase de explotación, terá os seguinte fitos.

1. Toma de posesión das novas fincas.
2. Uso das obras complementarias.

4.1.-Protección do solo.

4.1.1.-Fase de formulación.

4.1.1.1.-Movements de terras.

- Definiranse as posibles zonas para o almacenamento de terras, a selección das zonas realizarase en base a criterios ambientais. Se terá en conta que no caso en que existan ocios na contorna procedentes de actividades extractivas abandonadas, ou movementos de terras, primará o seu uso fronte ao de outras zonas, sempre que sexa viable e sempre que esteñan integrados na contorna. En ningún caso se realizarán depósitos dos sobrantes nas zonas con valores ambientais relevantes identificados no estudo ambiental.
- Asemade definiranse as zonas dedicadas a maquinaria e casetas de obra. Estarán debidamente balizadas e illadas do resto da vexetación con gabias ou trampas que eviten as perdas ou verteduras ao resto do lugar a tratar. O finalizar, ditas zonas deberán ser recuperadas e revexetadas con vexetación autóctona.

4.1.1.2.-Rede de camiños.

- No trazado dos camiños aproveitarase o máximo os xa existentes, conservando a maior parte da vexetación arbórea, e valados de pedra. Se tenderá a seguir as curvas do terreo.
- Evitar a perda de capacidade de filtración das marxes dos regatos, así como o aumento de escorrentía directa nas zonas dos cruces. Se realizará a plantación de especies de ribeira autóctonas nas beiras que resulten danadas ou carezan de vexetación.
- Aplicaranse medidas preventivas durante a manipulación dos formigóns e cementos, para evitar arrastres e vertidos aos cursos fluviais que danen á fauna acuática. Non estará permitido o lavado de





cubas e ferramentas. No caso de non poderse realizar o lavado na planta de preparación, acondicionarase un espazo estanco, coa posterior xestión de residuos.

- Os residuos resultantes das accións previstas non poderán ser acumulados en lugares próximos ao río para evitar ser arrastrados por chuvias, debendo ser tratados e xestionados segundo a lexislación vixente. Prohibirase o vertido e lavado de cubos e ferramentas.
- Excluirase de toda actuación ó ancho da ocupación dos cursos fluviais e das canles xunto coa superficie ocupada pola vexetación de ribeira e as zonas de exclusión delimitadas no EsIA, exceptuando os casos de cruzamento da rede fluvial; neste caso os estribos das estruturas de paso situaranse a polo menos 5 m desde a liña de máximas crecidas ordinarias.
- A proposta definitiva da rede de camiños debe buscar un acordo entre a necesidade de dar acceso ás fincas de substitución e a preservación dos espazos de alto valor ambiental.

4.1.2.-Fase de execución.

4.1.2.1.Materiais de préstamos e canteiras.

- Os materiais de canteira necesarios para o desenvolvemento das obras procederán de explotacións autorizadas, e definiranse os lugares de amoreamento de materiais e verteduras, integrándoos no medio. Con carácter xeral non se efectuarán préstamos na zona, salvo xustificación previa, e deberán efectuarse en lugares previamente sinalizados, e logo proceder a súa integración no medio. Sempre que sexa técnica e economicamente viable empregaranse tecnosoles ou solos reciclados, e seleccionaranse zonas que van a ser afectadas polas obras. Cando se precisen achegas externas de terra vexetal, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio.
- No caso de ser necesarias as voaduras, disporase dos medios necesarios para evitar a proxección de fragmentos de rocha á contorna, en todo caso si se produce deberán ser retirados da zona e depositados en emprazamentos autorizados.

4.1.2.2.Construcións.

- Con respecto as construcións haberá que balizar as zonas de exclusión, co obxecto de minimizar os impactos sobre os ecosistemas fluviais e teselas de especies de vexetación, e evitarase a elaboración do formigón na propia obra.

4.2.- Protección das augas

Tanto na fase de formulación como na fase de obras estarase ao indicado por Augas de Galicia. segundo se recolle no punto 2 do presente informe.

4.3.- Xestión de Residuos.

- Os residuos serán xestionados de acordo coa súa natureza e normativa vixente, primando a reciclaxe. Os envases baleiros de calquera tipo de residuo, deberán ser depositados en contedores habilitados (Sistema integrado de Xestión de Envases), ou entregado a un xestor autorizado.



- Con respecto a biomasa vexetal eliminada, primarase a valoración, evitando a queima no lugar, de ser o caso, deberá contar coa autorización regulamentaria.
- Cando sexa posible estes restos deberán ser compostados. Para a súa integración sobre o terreo, levarase a cabo a trituración e incorporación ao solo, deste xeito se diminúe o risco de incendios forestais, e evitase tamén a aparición de pragas.
- Haberá que evitar toda actuación que leve asociada a vertedura accidental de sustancias contaminantes na zona da concentración parcelaria e na súa contorna.

4.4.-Protección da Fauna, vexetación e espazos protexidos.

Para a protección da fauna, da vexetación e dos espazos protexidos estarase ao indicado pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural, segundo o recollido no punto 2 do presente informe; e de xeito xeral, teranse en conta os seguintes puntos:

- **4.4.1.-Fase de Formulación.**
 - 4.4.1.1.-Áreas con valores naturais.

Haberá que ter especial atención coas áreas sensibles e adoptar medidas protectoras e correctoras e tamén serán obxecto de un seguimento e vixilancia ambiental.

Estas áreas deberán ser sinalizadas durante o replanteo da obra.

As medidas adoptadas serán as seguintes:

- Restrinxirase ao máximo a eliminación da vexetación arbórea autóctona, e respectaranse as árbores de maior tamaño e porte.
- Antes do inicio das obras haberá que facer unha prospección para detectar a presenza de taxons e hábitats protexidos pola lexislación vixente, adoptando as medidas necesarias para a súa preservación
- Non se poderá alterar o hábitat de especies protexidas e comunicarse o seu achado a Dirección Xeral de conservación da Natureza.
- Ao longo de todo o proceso de concentración parcelaria adoptaranse as medidas necesarias para evitar a afección os elementos protexidos.
- Deberase incorporar o deseño das novas parcelas, as sebes, lindeiros e arborados presentes na zona. A se mesmo consideraranse áreas sensibles os ecosistemas ligados a auga, os corredores ecolóxicos e demais hábitats antropoxénicos de interese natural, cultural ou paisaxístico como vexetación de ribeira, sebes, bancais corredeiras etc. Así mesmo as especies vexetais e faunísticas endémicas ou protexidas .
- Manterase o mosaico agrogandeiro.
- 4.4.1.2.-Terreos forestais.

Nas zonas da concentración parcelaria os aproveitamentos forestais levaranse a cabo de acordo cas características culturais de cada especie, tratamentos silvícolas, e tipos de corta de rexeneración.





- 4.4.1.3.- Paso de animais.

Cando nos camiños sexa necesario habilitar pasos canadenses para impedir o paso de gando, haberá que habilitar medidas que fagan posible o escape de pequenos vertebrados que poidan caer o foxo.

- **4.4.2.-Fase de explotación.**

- 4.4.2.1.-Xestión e protección das áreas con valores naturais.

Antes de realizar os labores de roza de mato e formacións herbáceas, comprobarase a ausencia de especies de interese, en caso de presenza se adoptarán medidas para evitar as afeccións sobre as mesmas, fundamentalmente prestarase atención as especies en perigo de extinción e tomaranse as medidas seguintes:

- Procederase o balizamento das masas e formacións vexetais de interese ambiental para evitar a súa eliminación.
- Reducirase a eliminación da vexetación, respectando toda vexetación existente que non resulte afectada directamente pola execución das obras.
- Eliminación de especies exóticas.

Cando se leven a cabo repoboacións en zonas forestais estas axustaranse ao establecido na lexislación forestal e ambiental ao respecto, contando co informe favorable da Secretaria Xeral do Medio Rural e Montes.

- 4.4.2.2.-Presenza de fauna.

- Verificarase a ausencia de avifauna nidificante antes das labores de corta de arboredo ou roza de mato, no caso de que se atopen adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, especialmente as especies vulnerables e en perigo de extinción que abundan nas árbores e no chan.
- En caso de existir avifauna nidificante adoptaranse medidas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Establecerase un perímetro de seguridade de 500 metros libre de maquinaria e de todo tipo de tráfico que garanta a tranquilidade das aves.

4.5.-Protección do patrimonio cultural.

Para a protección do patrimonio cultural estarase ao indicado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu informe, segundo o recollido no punto 2 do presente informe.

4.6.-Integración paisaxística.

Para mellorar a integración paisaxística da zona deberase ter en conta o seguinte:

- O deseño dos viarios procurarase facelo seguindo as curvas de nivel, e se disporán entre límites de zonas agrogandeiras e de montes.



- Cando o camiño estea limitado por árbores procurárase anchealos só cara un dos lados e non a ámbolos dous lados, así manterase a vexetación natural nunha das bandas do camiño.
- Empregaranse especies autóctonas que procederán da mesma zona ou zonas similares e se terá en conta o disposto na orde do 17 de marzo de 2005, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
- As especies a utilizar deben ser compatibles entre si no espazo e no tempo.
- Cando sexa necesaria a eliminación dalgún exemplar de especies arbóreas autóctonas, estas deberán ser replantadas na restauración.
- No deseño do novo parcelario favorecerase a integración paisaxística dos predios resultantes, mediante a conservación do maior número posible de elementos lineais de interese ambiental.
- Deberá procurarse que na reorganización das propiedades as parcelas resultantes da agrupación manteñan as características morfolóxicas do parcelario de orixe buscando manter sempre os lindeiros de maior valor ecolóxico.

4.7.-Condicións Xerais

4.7.1.-Fase de formulación.

- Cando se lle ocasionen danos as infraestruturas viarias, debido o uso que se faga delas durante a fase de explotación, deberán ser reparadas, aplicándose en todo caso, ás obras de reparación, as cautelas e medidas de protección medioambiental recollidos no presente informe e os recollidos polos organismos consultados.
- Notificarase aos propietarios e daráselles información sobre a obriga legal de obter permisos para a corta de especies arbóreas, e tamén se informará doutras obrigas establecidas na normativa vixente en materia de ordenación do territorio, de xestión forestal, conservación da superficie agraria, etc.
- Desenvolveranse as medidas necesarias para evitar impactos asociados á fase de formulación, entre os cales está a construción de peches, as cortas indiscriminadas da vexetación, e a modificación abusiva de cultivos.
- Durante a fase de replanteo deberán efectuarse os controis necesarios para garantir a inexistencia de impactos, e no momento en que se detecten, tomaranse as medidas oportunas para evitalo, comunicándollo, xunto coas medidas a adoptar ao organismo que proceda.
- Tomaranse medidas para evitar posibles desprendementos nas zonas de fortes pendentes, tanto na fase de acondicionamento, como na de execución e explotación.
- Haberá que asfaltar as pistas con maior tránsito.
- Velarase pola protección dos valores naturais, paisaxísticos e patrimoniais de interese local.
- Nas parcelas agrícolas evitarase a reforestación con especies de crecemento rápido.

4.7.2.-Fase de explotación.

- Nos límites da zona de concentración parcelaria farase un control topográfico mesmos, dos predios de substitución e da traza de camiños.





- No tocante a servidumes manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. De cortase o paso dalgunha vía, deberanse crear rutas alternativas, co mesmo servizo.
- Si houberse estradas afectadas, camiños, ou calquera outra infraestrutura, deberán restituírse ao estado previo das obras.
- Farase un uso sostible da zona mediante a toma de criterios de sustentabilidade ambiental.

4.8.-Plan de seguimento e vixilancia ambiental.

4.8.1.- Fase de formulación.

Redactarase un programa de Vixilancia e seguimento Ambiental que terá en conta todos os impactos avanzados no documento ambiental. Dito programa terá como obxecto garantir o cumprimento das medidas protectoras e correctoras contempladas no documento ambiental, nos informes dos organismos consultados e no condicionado do presente informe. As actuacións que se executen e se integren na documentación, incluíndo as referentes ás actuacións ambientais e as de patrimonio deberán quedar reflectidas en planos de escala adecuada, e estar dotadas das partidas orzamentarias correspondentes, e terán o seu reflexo no capítulo de orzamentos do Proxecto de Concentración Parcelaria. Será o órgano substantivo o responsable de que se acaden os fins a conseguir tendo en conta o seguinte:

- Todas as medicións deberán ser realizadas por organismos de control autorizados ou entidades homologadas, e os resultados deberán ser asignados por un técnico autorizado.
- As tomas de mostras serán representativas e tamén as medicións, realizaranse durante os labores de maior incidencia sobre os indicadores obxecto de control.
- Se durante a realización do programa se detectasen impactos imprevistos, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural terá que propoñer as medidas correctoras necesarias.
- No programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental, incluírase un Plan de Control de Calidade das Augas e Funcionamento das Estruturas de Drenaxe, coas medidas propostas, engadindo a súa vez as propostas informadas por Augas de Galicia e pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza. No que respecta a calidade das augas superficiais, se indicarán as análises de augas que se realizarán, así como os puntos de mostra e a frecuencia das análises e seleccionáranse os puntos de toma de mostras, augas arriba e augas abaixo, da zona afectada.

4.8.2. Fase de execución e de explotación.

Realizarase o programa de Vixilancia Ambiental do que se responsabilizará a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, e como órgano substantivo, estará o disposto no artigo 52 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental.



5.-Proposta

Logo da avaliación de impacto ambiental simplificada realizada propónse formular o informe de impacto ambiental nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 47 da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental

O xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
Manuel Díaz Cano (Asinado electronicamente)

Resolve:

Formular o informe de impacto ambiental do proxecto de reestruturación parcelaria de Poulo, na parroquia de San Xulián de Poulo, no concello de Ordes (A Coruña), promovido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, concluíndo que non son previsibles efectos significativos sobre o medio ambiente e, polo tanto non se considera necesario someter o proxecto a avaliación de impacto ambiental ordinaria
Consonte o disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento e vixilancia do cumprimento do informe de impacto ambiental.

Esta resolución non exixe ao promotor de obter cantas autorizacións, licenzas, permisos ou informes sexan necesarios para a execución do proxecto.

Este informe farase público a través do Diario Oficial de Galicia e da Páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://www.xunta.gal/cmatv>).

De acordo co artigo 47.5 da Lei, contra este informe de impacto ambiental non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que, no seu caso, procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de autorización do proxecto.

Santiago de Compostela, (na data de sinatura electrónica)


A Directora Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.
María Sagrario Pérez Castellanos (Asinado electronicamente)





XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial
da Consellería do Medio Rural

Servizo de Infraestruturas Agrarias
Edificio Administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2, 6º andar
15071 A Coruña



ANEXO II: CARACTERÍSTICAS DA REDE VIARIA PROPOSTA A NIVEL DE ANTEPROXECTO



Xacobeo 2021



O deseño da rede de camiños proposta neste documento é unha aproximación a nivel de anteproxecto do trazado en planta máis adecuado, co fin de determinar o impacto que poden producir tanto durante a súa construción como durante a fase de explotación. A súa definición final a nivel de proxecto de execución require a obtención dun levantamento topográfico que permita definir un modelo dixital do terreo o suficientemente preciso para a realización dos cálculos que permitan concretar o seu trazado definitivo en planta e alzado, o que, á súa vez, posibilitará coñecer as ocupacións reais e os movementos de terra asociados.

A solución final do trazado que se presenta no estudo é froito de sucesivas iteracións de alternativas conxugando todas as variables que se describen neste apartado, mediante a utilización dun sistema de información xeográfica. Na ponderación das mesmas buscouse primar os criterios de protección do medio para asegurar unha mellor integración ambiental. Por todo o exposto a solución que se presenta é a máis adaptada ambientalmente á contorna de proxecto, aínda que é susceptible de ser mellorada na redacción do proxecto de execución cando se conte cun maior coñecemento das variables topográficas e físicas da área afectada.

Ao nivel de anteproxecto descrito tivéronse en conta, para o seu deseño, os seguintes criterios xerais:

- Proxéctanse de forma tal que maximizando a utilidade ocupen o menor chan posible, evitando seccións e firmes innecesarios así como trazados reiterativos.
- Adaptáronse á xeomorfoloxía existente, e na medida do posible aproveitáronse os camiños existentes.
- Cando se realice o proxecto de execución buscarase optimizar a compensación de terras para evitar canteiras de préstamos e áreas de vertedoiros.
- A definición da rasante buscará compatibilizar un trazado vertical con pendentes adecuadas aos fins propostos cun adecuado acceso ás leiras de substitución ás que han de prestar servizo, o que redundará nunha menor cicatriz no territorio e un movemento de terras máis axustado, así como menores probabilidades de ocorrencia de fenómenos erosivos.

Propónse un deseño de cunetas de como mínimo un metro a cada lado do camiño. En canto ao firme, propónse un ancho de firme de 5 metros para aqueles viais que sirvan como zonas de paso; 3 metros de ancho con apartadoiros para camiños que dean acceso a terreos de uso forestal; e 4 metros para o resto tendo en conta que estes anchos pódense ver reducidos pola presenza de elementos artificiais (muros de pedra, etc.), que pode non ser obxecto de derribo ou elementos con valores naturais a protexer. En calquera caso os anchos propostos merecerán estudo detallado para cada caso no seu momento.

A rede de camiños proposta trata de dar un correcto acceso ás futuras leiras de substitución. No caso de que puntualmente este acceso non quede asegurado será preciso o trazado de novos camiños.





O trazado total dos camiños proposto representan unha lonxitude de 22.835,48 metros, dos cales 7.592,39 metros corresponderíanse a camiños de nova apertura (código "NA") e 15.243,09 metros a camiños que decorren sobre camiños existentes (código "AC") os cales precisan mellora do firme e, nos casos que non teñan suficiente ancho, ancheamento e apertura de cunetas.

Na seguinte táboa resúmense as características de cada un dos camiños cuxo trazado proposto reflíctese no plano correspondente:

Código camiño	Anchura actual (m)	Lonxitude (m)
AC - 01	3	584,68
AC - 02	2,5	458,31
AC - 03	3,5	128,63
AC - 04	2,5	280,34
AC - 05	3	184,35
AC - 06	4	717,90
AC - 07	2,5	364,33
AC - 08	2,5	333,90
AC - 09	2,5	388,60
AC - 10	3	1328,63
AC - 11	3	856,77
AC - 12	2	123,32
AC - 13	2,5	387,83
AC - 14	2,5	161,44
AC - 15	2,5	328,62
AC - 16	3	813,46
AC - 17	2	538,81
AC - 18	5	1111,49
AC - 19	2	223,07
AC - 20	2,5	830,15
AC - 21	2,5	720,26
AC - 22	3	796,33
AC - 23	2,5	92,51





Código camiño	Anchura actual (m)	Lonxitude (m)
AC - 24	2,5	319,88
AC - 25	3	902,84
AC - 26	3	503,31
AC - 27	2	413,74
AC - 28	2,5	729,43
AC - 29	2,5	620,17
NA - 01	0	450,38
NA - 02	0	321,07
NA - 03	0	424,38
NA - 04	0	300,78
NA - 05	0	931,91
NA - 06	0	311,85
NA - 07	0	438,38
NA - 08	0	775,97
NA - 09	0	332,29
NA - 10	0	402,45
NA - 11	0	129,02
NA - 12	0	475,53
NA - 13	0	517,10
NA - 14	0	998,86
NA - 15	0	103,25
NA - 16	0	492,08
NA - 17	0	187,09





➤ CAMIÑOS A ACONDICIONAR

Camiño AC-01: situado na parte nordeste da zona, une a aldea de Pardiñas ca estrada AC-254 aproveitando o trazado dun camiño xa existente cun ancho de 3 m que discorre entre repoboacións forestais.



Camiño AC-02: trátase dun camiño situado na zona de *As Pardiñas* que aproveita o trazado dun camiño xa existente cun ancho de 2,5 m nunha zona de pendentes moderadas que discorre no seu primeiro tramo a rentes dunha masa de frondosas autóctonas, para máis tarde introducirse no mosaico agrario de prados, sebes e cultivos ata o límite da reestruturación. Enlaza o camiño de nova apertura "NA-01" do perímetro da zona a reestruturar co camiño asfaltado que une a estrada AC-254 ca aldea de Pardiñas.



Camiño AC-03 e Camiño AC-04: trátase duns camiños que aproveitan o trazado de dous existentes aproximadamente 3 m de ancho que discorren entre repoboacións forestais, ca finalidade de conectar a reestruturación limítrofe da zona de *Agro do Río* ca estrada AC-254.





Camiño AC-05: camiño que ten a súa orixe na estrada AC-254 e que terá coma finalidade conectar o camiño de nova apertura "NA-02" con dita estrada. A súa traza discorre sobre un camiño existente de 3 m de ancho nunha zona de pouca pendente atravesando zonas de repoboacións forestais na zona de *O Cotón*.

Camiño AC-06: trátase dun camiño que discorre en pola zona nordeste atravesando as repoboacións forestais situadas nesa zona. Transcorre pola traza dun camiño existente de 4 m ancho nunha zona de pouca pendente que parte da vía de servizo da estrada AC-254. A súa finalidade é das continuidade e servir de conexión dos camiños de nova apertura desa zona.

Camiño AC-07: trátase dun camiño que discorre sobre un trazado existente de 2,5 m de ancho, comunicando dúas vías municipais asfaltadas na zona leste da reestruturación. Transcorre entre sebes e muros nunha zona de pouca pendente.



Camiño AC-08: parte do camiño "AC-07" cara o oeste ata o perímetro da reestruturación, e a súa traza coincide na súa totalidade sobre un xa existente de 2,5 m que serve como límite entre unha zona de mosaico agrario de prados, sebes e cultivos e outra de repoboación forestal. A súa finalidade e dar acceso a fincas situadas xunto ó Rego Cabrón.





Camiño AC-09: camiño que ten a súa orixe na vía de servizo da estrada AC-254 e ten como finalidade dar continuidade ao camiño de nova apertura "NA-08" ata dita estrada. O seu trazado coincide cun existente de 2,5 m de ancho que atravesa unha zona de repoboacións forestais de pendentes suaves.



Camiño AC-10: camiño que comunica a aldea de Blanca ca estrada AC-254. Transcorre por un camiño existente de 3 m de ancho nunha zona de pendentes moderadas atravesando zonas de repoboacións forestais.





Camiño AC-11: este camiño serve para conectar o camiño "AC-10" ca aldea de Outeiro e a súa vez dúas vías municipais existentes. Transcorre entre zona de mosaico agrario de prados, sebes e cultivos e repoboacións forestais coincidindo a súa traza ca de dous camiños existentes de ancho aproximado de 3 m.



Camiño AC-12: é un camiño curto que serve de conexión entre os dous tramos de nova apertura do camiño "NA-05". O tramo de acondicionamento corresponde coa traza do camiño de terra existente de 2 metros de ancho, nunha zona con pendentes moderadas con gran cantidade de repoboacións forestais.



Camiño AC-13: parte de un camiño asfaltado en Lavandeira de Abaixo e remata noutro que continúa fora da zona de reestruturación. Coincide co trazado de un camiño existente de terra, de 2,5 m de ancho nunha zona de mosaico agrario de prados, sebes e cultivos con pouca pendente.





Camiño AC-14: camiño que sae dun camiño municipal asfaltado que comunica os núcleos de Senra e Outeiro. Coincide co trazado de un camiño existente de 2,5 m de ancho, nunha zona de pendentes moderadas a través do mosaico agrario de prados, sebes e cultivos aproveitando un camiño existente.

Camiño AC-15: este camiño é continuación do camiño de nova apertura "NA-13" para enlazar co "AC-14". A súa traza aproveita a de un camiño existente de 2,5 m de ancho nunha zona de mosaico agrario de prados, sebes e cultivos de pendente suave.

Camiño AC-16: parte dende a aldea de Senra e atravesa a zona de repoboacións forestais en dirección nordeste. O seu trazado coincide co camiño existente de 3 m de ancho e ten como finalidade dar conexión a rede de camiños de nova apertura propostos na zona nordeste co núcleo de Senra.



Camiño AC-17: discorre sobre o trazado dunha servidume de paso existente de 2 m de ancho e ten como finalidade dar acceso ós prados situados xunto ó Rego "Ponte da Ribeira".





Camiño AC-18: parte dun camiño asfaltado que discorre pola aldea de Blanca e aproveita a traza dunha camiño existente de ancho variable de entre 3,0 e 5,0 m que cruza a autovía por un paso inferior e segue en dirección leste ata a zona do límite da reestruturación parcelaria na zona de O Lamoso onde conecta cun camiño existente da reestruturación limítrofe.



Camiño AC-19: é un pequeno treito a conservar que discorre por unha servidume existente de 2 m de ancho, que dará servizo as novas fincas que se deseñen na zona de o Lamoso.

Camiño AC-20: parte dende a estrada DP-5905 e remata nun camiño asfaltado que une os núcleos de Lavandeira de Arriba e Lavandeira de abaixo. A traza deste camiño coincide na súa totalidade coa dun existente de terra que discorre por repoboacións forestais e mosaico agrario de prados, sebes e cultivos nunha zona de pendentes moderadas.





Camiño AC-21: este camiño sae do núcleo da Senra e vai ata o camiño "AC-22" na zona de A Canteira. Aproveita o trazado de camiños existentes de aproximadamente 3 m de ancho, que atravesan mosaicos agrarios de prados, sebes e cultivos.



Camiño AC-22: ten o seu inicio nunha vía municipal asfaltada que vertebra toda a zona da reestruturación e diríxese cara o leste atravesando zonas de mosaico agrario, sebes e cultivos e masa mixta de frondosas autóctona, piñeiros e eucaliptos dispersos na zona de A Canteira, ata enlazar ca vía de servizo da AP-9. A súa traza aproveita a dun camiño existente de terra de 3 m de ancho. A súa finalidade será dar continuidade a o camiño de nova apertura "NA-13".



Camiño AC-23: pequeno treito que serve para conectar ao camiño de nova apertura "NA-16" ca estrada DP-5905. Discorre polo trazado de un camiño existente de 2,5 m de ancho.





Camiño AC-24: este camiño ten coma finalidade a conexión dos camiños de nova apertura "NA-14" que discorren pola zona leste da reestruturación. Aproveita a traza dunha camiño existente de 2,5 m que discorre na súa totalidade entre repoboacións forestais.

Camiño AC-25: camiño que serve de conexión entre a vía de servizo da AP-9 e estrada DP-5905 que discorre pola aldea de A Calle, aproveitando a traza dunhas servidumes existentes de 2 m de ancho que atravesan zonas de repoboacións forestais e mosaico agrario de prados, sebes e cultivos.

Camiño AC-26: este camiño e continuación do camiño asfaltado que sae da aldea de A Calle cara o leste e cruza a AP-9 nun paso elevado. O seu trazado coincide co de un camiño existente de terra de 3 m de ancho que atravesa repoboacións forestais e o mosaico agrario de prados, sebes e cultivos. Remata nun camiño da reestruturación existente na zona de O Ferreiro.

Camiño AC-27: este camiño parte dende a estrada DP-5905 ata o camiño de nova apertura "NA-16" aproveitando a traza dun existente de 2 m de ancho que divide unha gran zona de mosaico agrario de prados, sebes e cultivos de pendente suave na zona de A Calle.



Camiño AC-28: este camiño situado no sur da zona serve como elemento vertebrador nunha zona de mosaico agrario de prados, sebes e cultivos dando continuidade a os camiños de nova apertura "NA-16" e "NA-17". O seu trazado aproveita camiños actuais de 2,5 m de ancho nunha zona chá.

Camiño AC-29: este camiño recorre o límite sudeste da reestruturación partindo da estrada DP-5905 ata o camiño de nova apertura "NA-14" e unha servidume que continua ata a reestruturación limítrofe na zona de O Pino. Discorre pola traza de un camiño existente de 2,5 m que cruza por un paso inferior a AP-9, dando así conexión a zona leste ca aldea de A Calle. Atravesa zonas de repoboacións forestais e zonas de mosaico agrario de prados, sebes e cultivos nunha zona de pendentes moderadas.

➤ CAMIÑOS DE NOVA APERTURA

Camiño NA-01: camiño proxectado no norte da zona que conecta co "AC-02" na zona de Pardiñas e que garantirá o acceso ás novas fincas.





Camiño NA-02: tratase de un camiño que dividirá a zona de O Costón e dará un mellor acceso aos propietarios das novas fincas. Comunicará unha vía municipal existente ca estrada AC-254.

Camiño NA-03: camiño que dará continuidade ao "AC-07" e discorrerá pola zona de Prado Grande ata conectar cunha pista existe da reestruturación limítrofe da zona de Agro do Río. A súa finalidade será garantir o acceso a os prados situados xunto ó Rego Cabrón.

Camiño NA-04: treito proxectado para unir os camiños "AC-06" e "AC-09" nunha zona de pendentes suaves no nordeste da reestruturación.

Camiño NA-05: este camiño atravesa a zona nordeste da reestruturación, dividindo a zona para aportar un trazado regular ás novas fincas.

Camiño NA-06: tratase dun camiño proxectado para dar continuidade ao camiño "AC-06" ata a vía de servizo da AP-9 e garantir o acceso ás novas fincas no límite no nordeste da reestruturación.

Camiño NA-07: camiño que pasa pola zona de Fontevella, proxectado para unir perpendicularmente camiños "NA-05" e "NA-06", e permitir a nova distribución da propiedade garantindo o acceso ás novas fincas.

Camiño NA-08: proxectase este camiño pola zona de As Lamelas para comunicar o núcleo de Blanca ca AC-254, ademais de para acondicionar as novas fincas.

Camiño NA-09: treito proxectado para unir perpendicularmente os camiños "AC-16" e "NA-05".

Camiño NA-10: este camiño proxectase para comunicar dúas vías municipais existentes na zona de Lavandeira de Arriba e Lavandeira de Abaixo, para unha mellor reestruturación parcelaria e acondicionamento das fincas novas

Camiño NA-11: pequeno treito proxectado para dar continuidade a un camiño existente na reestruturación limítrofe de Socastro.

Camiño NA-12: é un camiño que pasa pola zona oeste e une os camiños "AC-15" e "AC-20". A súa finalidade é dar acceso ós prados situados xunto ao Rego Cabrón.

Camiño NA-13: proxectase este camiño para conectar os camiños "AC-20" e "AC-22" e dividir a zona de mosaico agrario de prados, sebes e cultivos de A Urraca, e permitir a nova distribución da propiedade garantindo o acceso ás novas fincas.

Camiño NA-14: trátase de un camiño que discorre de norte a sur na zona leste da reestruturación, a súa finalidade é servir de eixe vertebrador desa zona, para unha mellor reestruturación parcelaria e acondicionamento das novas fincas.

Camiño NA-15: treito proxectado para dar continuidade ao camiño "AC-18" nunha zona de mosaico agrario de prados, sebes e cultivos e así dar un mellor acceso aos propietarios das novas fincas.

Camiño NA-16: é un camiño que se proxecta polo medio do mosaico agrario de prados, sebes e cultivos da zona de As Agras e servirá como eixe principal desa zona, servindo de conexión para os camiños "AC-23", "AC-27" e "AC-28".

Camiño NA-17: este camiño proxectase para conectar o camiño "AC-28" a estrada DP-5905 que discorre polo sur da reestruturación.





XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial
da Consellería do Medio Rural

Servizo de Infraestruturas Agrarias
Edificio Administrativo Monelos
Vicente Ferrer, 2, 6º andar
15071 A Coruña




**ANEXO III: FIRMAS DOS PROPIETARIOS DE EXPLOTACIÓNS CON
ACTIVIDADE AGRARIA NA ZONA**



Xacobeo 2021



CONCELLO DE ORDES
(A CORUÑA)



Ordes, 27 de outubro de 2017

Actualmente, no Concello de Ordes continúa sen iniciarse o proceso de concentración parcelaria nas parroquias de Ordes e Poulo.

Con data 30 de decembro de 2015 foi remitida desde este Concello á Conselleira do Medio Rural a solicitude de inicio do proceso para o desenvolvemento dunha actuación de reestruturación parcelaria de carácter público na parroquia de Poulo.

Como xa se expoñía no citado escrito, nesta parroquia é necesario levar a cabo un proceso de mellora da estrutura territorial agraria que permita manter as explotacións agrogandeiras en condicións sustentables e procurarilles unha rendibilidade.

A excesiva parcelación da propiedade impide o aproveitamento de moitas fincas pola falta de accesos axeitados para a maquinaria agrícola e polas súas escasas dimensións, polo que os gandeiros teñen que abandonalas, véndose obrigados en moitos casos a alugar parcelas noutras parroquias xa concentradas.

É por isto que SOLICITAMOS:

1. Que se teña en conta a solicitude de inicio do proceso de concentración parcelaria na parroquia de Poulo, tal e como xa indicamos no escrito remitido o 30 de decembro de 2015, rexistro de saída 3531.
2. Que se tome en consideración o interese social e económico que ten esta actuación de reestruturación parcelaria para a poboación agrogandeira desta parroquia, en proba do cal, asinan o anexo que se xunta a este escrito.

O que traslado para a súa consideración,



O alcalde,

José Luis Martínez Sanjurjo

Sra. Conselleira do Medio Rural
San Caetano, s/n
15071 Santiago de Compostela

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN/XUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN

Número de registro/Número de rexistro: 201790000000277
 Fecha y hora/Data e hora: 31-oct-2017 13:10:57
 Oficina/Oficina: 000011573-Registro General del Ayuntamiento de Ordes

Interesado/Inte

Unidad de tramitación/ Unidade de tramitación: L01150597-AYUNTAMIENTO DE ORDES

Información del registro/Información do rexistro

Asunto/ Asunto:
 Resumen/ Resumo: SOLICITA INICIO DE PROCESO DE CONCENTRACION PARCELARIA NA PARROQUIA DE POULO
 Entidad registral de destino/ Entidade rexistral de destino: 000008826 - Registro General de la Xunta de Galicia
 Unidad de tramitación de destino/ A12017201 - Consellería del Medio Rural

